

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 29 DE NOVEMBRO DE 2018.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as vinte horas e trinta e dous minutos do día vinte e nove de novembro de dous mil dezaioito, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, réunese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL
D^a MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE
D. DIEGO ANTONIO TAIBO MONELOS
D^a MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. MIGUEL SUÁREZ GARCIA
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ

Polo Grupo Municipal do PARTIDO POPULAR

D. ANTONIO CAÑÁS VARELA
D^a MARÍA OFELIA RAMOS LUNA
D^a NIEVES VÁZQUEZ GRELA

Polo Grupo Municipal de ALTERNATIVA DOS VECIÑOS DE CULLEREDO

D^a MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. CARMELO CORTÉS SANCHEZ
D^a. NURIA CARBALLEDA FEIJOO

Polo Grupo Municipal da MAREA VECIÑAL DE CULLEREDO

D. JOSÉ JUAN SANTOS IGLESIAS
D. MANUEL ISIDRO TAIBO GAGO

Polo GRUPO MIXTO

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO (BNG)
D. JESÚS MANUEL VÁZQUEZ LOZANO (CIDADÁNS)

Concelleira non adscrita

D^a VERÓNICA RIVADULLA DESCHAMPS

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro e da fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e

Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE DATA 27/09/2018

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP N° 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 27/09/2018, da que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

A continuación, pola señora Secretaria dase conta da dilixencia de corrección de erros da citada acta, de data 27 de novembro de 2018 (código de documento USG12I012M), que transcrita di:

"DILIXENCIA.- Para facer constar que, advertidos erros de transcripción na acta da sesión plenaria ordinaria celebrada en data vinte e sete de setembro de dous mil dezaioito (código de documento USG12I00VR) procédese á súa corrección no seguinte senso:

- Na páxina 16, liñas 4 e 5, onde di:

"anual de pagar un canon de 1.000 euros durante os 5 primeiros anos e 24.000 euros os restantes, ademais dunha participación nos beneficios, dos que terían que dar conta, tendo que encargarse o Concello do mantemento e de"

Debe dicir:

"anual de pagar un canon de 12.000 euros durante os 5 primeiros anos e 24.000 euros os restantes, ademais dunha participación nos beneficios, dos que terían que dar conta, tendo que encargarse do mantemento e de"

- Na páxina 16, liña 40, onde di:

"espazo.... para adicar á veciñanza en xeral á marxe dos socios que tivera a instalación..., e preguntalle tamén á Sra."

Debe dicir:

"espazo e tempos para adicar á veciñanza en xeral á marxe dos socios que tivera a instalación, e preguntalle tamén á Sra."

- Na páxina 17, liña 5, onde di:

"porta grande co beneplácito de todas as autoridades que citou co beneplácito ..., preguntando de que maneira"

Debe dicir:

"porta grande co beneplácito de todas as autoridades que citou das que o alcalde é o máximo representante, preguntando de que maneira"

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a acta da sesión ordinaria celebrada en data 27 de setembro de 2018, coas correccións indicadas na dilixencia de Secretaría antes transcrita, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión ordinaria celebrada en data vinte e sete de setembro de dous mil dezaioito, coas correccións indicadas.

2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE CULLEREDO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2017.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta do Sr. alcalde, de data 5 de novembro de 2018, relativa á aprobación da Conta Xeral do Concello de Culleredo correspondente ao exercicio de 2017, informada pola Comisión Especial de Contas na súa sesión de data 11 de setembro de 2018, que literalmente di:

“A Conta Xeral do Concello de Culleredo correspondente ao exercicio económico de 2017, formada pola Intervención municipal, rendida polo Presidente e informada pola Comisión Especial de Contas, foi exposta ao público por un prazo de quince días, non téndose recibido reclamación, reparo ou observación algunha durante o devandito período de exposición e oito días máis ao que fai referencia o artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Polo tanto, PROPONSE ao Pleno Municipal:

A aprobación da Conta Xeral do Concello de Culleredo correspondente ao exercicio de 2017.”

C.I.F. P-1503100-H

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que a Conta que se trae a aprobación, correspondente ao exercicio 2017, foi ditaminada favorablemente na Comisión especial de Contas e que o resultado presupostario do exercicio 2017 arroxa un superávit de 1.774.653 euros, sendo tamén salientable como indicador o saldo da conta 413 relativo a acredores por operacións pendentes de aplicar ao presuposto que leva un montante de cero euros; que o remanente de tesouraría do exercicio 2017 foi positivo en 7.368.653 euros levando a unha conclusión de aforro neto de 3.769.748,60 euros; que a capacidade de financiamento, un dos indicadores que pode reflectir tamén o estado de saúde desta Conta 2017, é do importe de 1.738.566 euros, e que o período medio de pago a provedores quedou en 22,07 días; que por todo o dito e dado que xa se ditaminou favorablemente na comisión informativa especial de Contas, nesta sesión pide o voto favorable para a súa aprobación.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que non pode votar favorablemente estas contas pois non poden darlle o parabén a unhas contas nas que hai centos de miles de euros en pagos aos que se levantaron reparos de intervención e secretaría, a unhas contas nas que recolle o pago derivado dunha sentenza que obrigou ao Concello a pagar un millón quinientos sesenta mil euros por 3.000 metros de zona verde, ás contas que non recollen os ingresos anuais que debería ter feito a concesionaria da instalación municipal da Garrocha ao igual que os últimos dez anos, ás contas nas que a empresa que xestiona a auga potable en Culleredo está sen contrato ao igual que nos últimos 4 anos, recollendo todos os movementos desa empresa sen contrato, ás contas que recollen o pago a unha empresa polo servizo de limpeza viaria que leva sen contrato vixente desde 2012, motivos polos que non votará a favor destas Contas, pedindo a dimisión da señora concelleira de Facenda.

Deseguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal Marea Veciñal de Culleredo, Sr. Santos Iglesias quen, unha vez concedido, di que a elaboración e aprobación da Conta xeral do Concello resulta ser un acto de trámite que se regula na Lei reguladora das facendas locais, obrigando aos concellos a realizar este trámite antes do 1 de xuño para que sexa informada pola comisión de contas da entidade local, a ser exposta ao público durante un período de 15 días máis 8 máis para a continuación remítala ao Consello de Contas; que o Concello de Culleredo ditaminou a Conta na Comisión de Contas celebrada o 11 de setembro de 2018 e fixo o anuncio de exposición

pública o 17 de setembro de 2018, rematando polo tanto o prazo para presentación de alegacións o pasado 8 de novembro de 2018, non presentándose, ao parecer, alegacións á conta xeral do 2017, motivo polo que se trae a esta sesión plenaria para a súa aprobación definitiva; pero que non se presentaran alegacións ou reparos á Conta non quere dicir que non se deba facer unha valoración da conta xeral presentada polo equipo de goberno xa que a través dela obtense o reflexo da imaxe fiel do patrimonio, a situación financeira e os resultados da execución orzamentaria quedando patentes as tomas de decisións do goberno; que desde o grupo municipal da Marea Veciñal non van falar polo miúdo das contas que ofrece esta Conta xeral do exercicio 2017 pero en liñas xerais atopan que, polo que atinxe á liquidación do orzamento, sabendo todos que para poder realizar calquera gasto resulta fundamental ter ingresos para poder afrontalo; en relación co orzamento de ingresos o Concello atópase según os datos desta conta xeral, con que o 51% corresponden a ingresos tributarios e urbanísticos e o 46% a transferencias e subvencións recibidas; que destes ingresos executáronse un 80%, correspondendo un 39% a gastos de persoal e un 57% a gasto corrente, o que supón que un 96% dos ingresos recadados foron adicados a xestión ordinaria, o que deixa ao Concello un 3,97% dos ingresos acadados para adicar o investimento xa que un 0,03% foron adicados a transferencias e subvencións concedidas; que estes datos levan á reflexión de que a previsión de ingresos resultou ser elevada xa que ingresáronse 4.319.000 euros menos dos previstos polo que houbo que financiar este déficit con 2.500.000 euros de remanente de crédito o que supuxo non poder utilizar este importe do remanente para investimentos; que asimismo, no exercicio de 2017, o gasto por habitante foi de 706,42 euros e o investimento por habitante foi de 102 euros o que supón un esforzo inversor por parte do Concello do 15% executando un 78% do orzamento de gasto sendo o endebedamento por habitante de 96,77 euros, algo máis baixo que no exercicio 2016 no que foi de 124,54 euros, obtendo un superávit por habitante de 60,33 euros; que estes datos indican que o Concello debe buscar solucións para mellorar os resultados da recadación en período voluntario xa que só se acadou o 51% e reflicten o resultado de que o investimento por habitante, aínda que lixeiramente, aumentou con respecto ao exercicio 2016, canto menos se podería ter incrementado nun 58,77%, acadando o 162,99€ por habitante.

C.I.F. P-1503100-H

Continúa a súa intervención o Sr Santos Iglesias e di que con respecto aos procesos de contratación durante o exercicio 2017 o equipo de goberno fixo contratacións por valor de 2.600.000 euros, a metade que no exercicio anterior xa que no ano 2016 fixéronse contratacións por valor de 5.455.000 euros, atopándose con que, segundo os datos reflectidos na Conta xeral que se presenta do 2017, o 16% dos contratos foron feitos polo equipo de goberno de maneira directa, e que estes datos indican que a xestión realizada nesta materia deixou moito que desexar e que se deben mellorar e realizar as contratacións que se fan desde o Concello xa que a falta de eficacia nesta materia incide directamente na cidadanía; que volvendo aos contratos tramitados no 2017, por importe de 2.600.000 euros, e tendo en conta que o dato reflectido na conta xeral relativo a subvencións recibidas do concello é de 2.800.000 pódese afirmar que o Concello só tramitou as contratacións necesarias para cumprir co requisito da xustificación das achegas recibidas; que polo que atinxe ao inventario segundo os datos que se reflicten na memoria presentada polo equipo de goberno, o Concello, á data de aprobación da conta xeral do exercicio 2017, non dispón dun inventario de bens detallado e conciliado según os importes que figuran nas contas do inmovilizado e que os criterios de valoración dos activos de inmovilizado que se utilizan son exclusivamente os do custo de adquisición no caso dos bens adquiridos xa elaborados, valorándose nas construcións o custo das obrigas recoñecidas ata o 31 de decembro e ás obras finalizadas incorpóranselles os custos da redacción do proxecto e a dirección de obra aínda que se satisfixeran como un gasto ordinario, observándose aínda así que os importes reflectidos máis importantes son os referidos ás parcelas do CLT e o seu sistema viario, así como o Parque empresarial de Alvedro; que como conclusións, desde a Marea Veciñal recoméndanlle ao equipo de goberno o seguinte:

- 1º O cumprimento dos prazos establecidos pola normativa para presentación da Conta xeral
- 2º Mellorar a contratación pública
- 3º Realizar unha previsión de ingresos máis axustada á realidade

4º A búsqueda de solucións para acadar unha maior porcentaxe de recadación en periodo voluntario xa que calqueraa resultado por baixo do 60% non é un bo resultado

Continúa dicindo que recomendan tamén a elaboración dun inventario no cal as cantidades que se reflectan ofrezan unha imaxe o máis real posible sobre o patrimonio do Concello e, por último, incrementar o investimento por habitante facendo un esforzo maior nos colectivos que se atopan en risco de exclusión social xa que por segundo exercicio consecutivo deixaron de investir 100.000 euros neste colectivo a pesares de ter unha partida exclusiva para adicar ao colectivo de persoas en risco de exclusión social, e pregunta se ao equipo de goberno non lles preocupan as persoas que se atopan en risco de exclusión social porque ter os cartos e non gastalos permitindo que as persoas sigan a pasar penurias só leva a unha conclusión que vai dar por suposto todos poden deducir cal é.

A continuación intervéñen o alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, e di que terán en conta as aportacións feitas tanto polo Sr. Chouciño Garrido como polo Sr. Santos Iglesias como voceiro do grupo municipal da Marea Veciñal de Culleredo aínda que discrepa de moitos dos seus argumentos e que a propia concelleira de Facenda, á que hai que ratificar no seu posto, analizará todas as aportacións feitas.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía, de data 5 de novembro de 2018, co seguinte resultado:

Votos a favor: nove (9), dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz.

Votos en contra: un (1), do Sr. Chouciño Garrido

Abstencións: dez (10) dos sres/as: Cañas Varela, Ramos Luna, Vázquez Grela, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Santos Iglesias, Taibo Gago, Vázquez Lozano e Rivadulla Deschamps

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 5 de novembro de 2018, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR EN RELACIÓN COA MODIFICACIÓN DO ARTIGO PRIMEIRO DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo municipal do Partido Popular, de data 26 de outubro de 2018, relativa á modificación do artigo primeiro da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

"Dña. Ofelia Ramos Luna, Portavoz Adjunta del Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Culleredo, en nombre y representación del mismo y al amparo de lo dispuesto en el artículo 97.3 del RD 2568/1986, eleva al Pleno de la Corporación para su debate la siguiente

MOCIÓN DEL GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR DE CULLEREDO

Para su debate y aprobación, si procede, instando al Gobierno Municipal a adoptar las medidas necesarias reducción del IBI

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En el pasado Pleno de Presupuestos, el Grupo Popular ya indicó, como uno de los principios rectores de la necesaria política presupuestaria del Ayuntamiento de Culleredo, la reducción de la presión fiscal que soporta el ciudadano de nuestro municipio.

Poníamos de relieve que los ingresos municipales, vía impuestos directos, se situaban en torno al 40% de los ingresos municipales; 5 puntos por encima de la media de los ayuntamientos gallegos de población similar a Culleredo.

Cerca de 9 millones de euros representan una presión fiscal insostenible, superando los 400 euros per cápita.

Esta política presupuestaria que se encamina a la reducción de la presión fiscal tiene validez para cualquier situación económica. Mucho más, cuando en 9 meses, se han registrado factores que inciden de forma directa y negativamente en el bolsillo del contribuyente.

En febrero de 2018, cuando ya defendíamos la necesaria rebaja de los impuestos directos municipales, no se había producido el crecimiento del precio del recibo de la luz, que nos afecta a todos pero que no todos podemos hacer frente de igual forma.

Se ha experimentado en este sector un crecimiento interanual-septiembre 2017-2018- del precio de la electricidad de un 24% y, tal como marca la tendencia del mercado de futuros para la electricidad, seguirá creciendo en el último trimestre de 2018.

Hemos pasado de un precio de la electricidad de 51.6 euros megavatio/hora a 64.2 euros. El 24%. Con toda seguridad y para desgracia de la economía en general y, muy especialmente de la economía doméstica, el 2018 va a ser, está siendo, el año del precio de la luz más cara desde 1998.

Este crecimiento se expande, a su vez, al precio del gas, de combustible y, dentro del sector de la alimentación ya se registran incrementos de un 12% en alimentos básicos y de primera necesidad.

Nos encontramos ante un escenario económico, que más que en febrero de 2018, tiene que poner el énfasis en la necesidad de revisar las bases sobre las que se sustenta las previsiones de ingresos municipales vía impuestos directos.

El Ayuntamiento de Culleredo tiene que romper la inercia de crecer en su presión fiscal, insoportable para el ciudadano medio, cuando, por lo demás, se registra un notable encarecimiento del precio de la vida.

Culleredo dispone de instrumentos normativos y recursos para iniciar el proceso que permita cumplir este objetivo irrenunciable: Reducir de un 40% a un 35% el porcentaje de ingresos presupuestarios a través de la imposición directa municipal.

Culleredo dispone de la Ordenanza fiscal reguladora del Impuesto de Bienes Inmuebles. Su artículo primero establece los tipos de gravamen del referido impuesto: un 0.56 para inmuebles de naturaleza urbana y un 0.73 para inmuebles rústicos. En la tabla que se muestra a continuación se pueden comparar estos tipos con los de otros ayuntamientos del área metropolitana.

C.I.F. P-1503100-H

CONCELLO	TIPO GRAVAMEN URBANO	TIPO GRAVAMEN RUSTICO
CULLEREDO	0.56	0.73
ARTEIXO	0.40	0.65
CAMBRE	0.55	0.55
CARRAL	0.60	0.44

Nos hemos colocado muy por encima de los mínimos que fija el artículo 72 del RDL 2/2004 regulador de las Haciendas Locales. En el IBI de naturaleza urbana, nos situamos un 0.16 por encima del mínimo que fija el citado artículo 72. En rústica, un 0.43 por encima del mínimo legal.

Culleredo tiene margen para acordar una reducción del IBI. Porque, además, esa reducción sería un ejemplo de solidaridad con el común de los vecinos ya que tras la reducción del impuesto, el ayuntamiento se verá obligado a un control más efectivo y eficiente del gasto público.

El Grupo Popular presenta esta moción en base a una práctica presupuestaria que allí donde se ha implementado, ha dado magníficos resultados.

No pretendemos realizar un debate de naturaleza que vaya más allá de un pleno municipal. Pero creemos que, en este punto, nos asiste la razón.

Además, como argumento de "autoridad" para poder contar con el apoyo del Sr. Alcalde en esta moción, no se puede menos que recordar que en los años en los que lideraba APdC, defendió en esta sede municipal la necesidad de reducir el tipo de gravamen del IBI urbano a un 0.46.

Sirvan los argumentos expuestos en aquel debate de la moción por el actual Sr. Alcalde para garantizar el voto favorable del actual equipo de gobierno.

Por todo ello, proponemos el siguiente ACUERDO:

Que el Pleno Municipal apruebe la modificación del artículo primero de la Ordenanza Fiscal Reguladora del Impuesto sobre Bienes Inmuebles, quedando fijado el tipo de gravamen para inmuebles urbanos en el gravamen mínimo que establece el artículo 72 del citado RDL 2/2004 (0.40) y el rústico quede fijado en un 0.55."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañás Varela quen, unha vez concedido, di que o Grupo Popular, na exposición de motivos da moción que presenta, solicita a redución da presión fiscal que soporta o cidadán do municipio de Culleredo, os veciños e veciñas de Culleredo, que é moi elevada; que os ingresos municipais, vía impostos directos, situábanse por riba do 40% dos ingresos municipais; o que vén a ser máis ou menos 5 puntos por encima da media dos concellos galegos de poboación similar a Culleredo; que cerca de nove millóns de euros representan unha presión fiscal moi alta, insostible, e se se divide entre os veciños e as veciñas de Culleredo son perto de 400 euros por veciño ou veciña; e se ademáis esto se sitúa nun contexto no que non se acaba de saír da crise e no que por exemplo o recibo da luz ten subido moito nos últimos anos, facendo que a situación sexa máis dura para a veciñanza, é evidente que o Concello ten que ser o primeiro en tratar de cambiar esta dinámica e tratar de reducir por exemplo dun 40 a un 35% a porcentaxe de ingresos presupostarios de imposición directa municipal a través da modificación dunha ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles que no seu primeiro artigo establece os tipos de gravame do referido imposto: un 0,56 para inmobles de natureza urbana e un 0,73 para inmobles rústicos, xuntando na moción unha

táboa na que se recollen os tipos dos concellos limítrofes a Culleredo e na que se pode ver que a diferenca nalgún caso é máis que evidente; que Culleredo ten colocado os seus tipos moi por riba dos mínimos fixados no artigo 72 do RDL que regula as Facendas Locais, establecendo por exemplo o IBI de natureza urbana un 0,16 por riba do mínimo fixado no dito artigo 72 e o de rústica un 0,43 por riba do mínimo legal; que pode recoller unha proposta dos anos nos que APdC estaba na oposición e na que defendía a necesidade de reducir o tipo de gravame do IBI urbano a un 0,46, que lle pareceu axeitada no seu día e hoxe tamén polo que supón que tanto o alcalde como os concelleiros que naquel tempo o acompañaban na bancada da oposición como membros de APdC votarán a favor da proposta que traen ao Pleno sobre aprobación da modificación do artigo primeiro da Ordenanza Fiscal Reguladora do imposto sobre bens inmobles quedando fixado o tipo de gravame para inmobles urbanos no gravame mínimo que establece o artigo 72 e o rústico nun 0,55.

A continuación intervéñen o Sr. Rioboo Castro, alcalde-presidente, e di que garante que un dos votos de APdC o van ter seguro, o da voceira pertencente ao grupo do Partido Popular.

Deseguido solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que desde Ciudadanos están totalmente de acordo en rebaixar a presión fiscal sempre que se poida de verdade tendo en conta aos veciños; que tal como di a moción os últimos acontecementos tanto de subida da factura da luz como carburantes ou outros fan que as familias cheguen a final de mes con moita máis dificultade; que lle aparecen varias dúbidas sobre todo a nivel normativo xa que en Culleredo os valores catastrais que se están aplicando son os do ano 1994 e xa no ano 2000 a eses valores catastrais se lles aplicaba este tipo de gravamen, preguntando se para aplicar esta rebaixa non habería que regularizar os valores catastrais pois se no ano 2018 se aplica esta redución e despois se actualizan os valores catastrais puidera ser que a rebaixa anunciada se converta en todo o contrario como xa se viu noutros concellos e que repercute directamente no bolsillo da veciñanza de Culleredo e que a Ciudadanos lle gustaría que os veciños soporten a menor presión fiscal posible; que outra das dúbidas é en relación ao que se dixo de que se soporta unha cantidade de 400 euros por habitante según os ingresos directos e que concellos limítrofes como Carral, Oleiros, Arteixo teñen outras cantidades, soportando por exemplo Arteixo a cantidade de 800 euros por veciño aínda que xa saben que é un concello no que hai moita zona industrial e no que se aplica un tipo de gravamen diferente aos negocios, soportando Carral a cantidade de 387 euros, Cambre arredor de 420 euros, sendo unha presión fiscal importante para todos; que en concreto a súa pregunta é se a rebaixa que se propón, unha vez feita a regularización catastral, suporía unha rebaixa ou un aumento para os cidadáns de Culleredo polo que solicita se faga un estudo sobre este tema e de momento deixalo sobre a mesa, máxime cando aínda que se aprobara agora non se podería aplicar para o vindeiro ano fiscal.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que esta moción vén fóra de prazo para poderse aplicar no próximo exercicio xa que o IBI, o que todos chaman contribución, devéngase o 1 de xaneiro, e de aprobalo nesta sesión habería que publicalo no boletín dando o seu prazo de alegacións non saíndo as contas para que puidera estar a 1 de xaneiro, motivo polo que considera que non ten sentido discutir nesta sesión unha ordenanza fiscal que non vai entrar en vigor, independentemente de que se decida ou non discutir sobre a presión fiscal que neste momento soporta a veciñanza.

Deseguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal Marea Veciñal de Culleredo, Sr. Santos Iglesias quen, unha vez concedido, di que o que se pide na moción é modificar o artigo primeiro da ordenanza fiscal do imposto de bens inmobles do IBI, fixando o tipo de gravamen no urbano no mínimo e no rústico no 0,55, argumentando que a presión fiscal que soportan os veciños de Culleredo é moi alta; que sen pretender facer un debate que vaia máis alá do Pleno municipal, desde o seu grupo municipal cren que se debería tentar clarificar na medida do posible algúns conceptos do Imposto de Bens Inmobles, e antes diso, falar da presión fiscal dado que desde o grupo municipal que presenta a moción se argumenta; que eles non van discutir se a presión fiscal que soportan os contribuíntes do Concello de Culleredo é moi alta xa que se trata dun dato facilmente calculable pois obtense simplemente aplicando unha fórmula consistente en dividir a recadación fiscal entre o produto interior bruto

C.I.F. P-1503100-H

e multiplicalo por cen; que lle teñen que dar a razón a quen afirma que a presión fiscal que soportan os cidadáns é alta, considerando que para aliviar a carga tributaria que soporta a veciñanza de Culleredo non se debería actuar só sobre o imposto de bens inmobles, que como todos saben resulta ser un imposto directo sobre o que o Concello soamente pode establecer o tipo de gravame, entendendo que para reducir a carga tributaria da veciñanza se debería realizar unha revisión da totalidade dos tributos e taxas que se aplican no Concello tentando establecer unha política fiscal equitativa e progresiva, tal como establece a Constitución española no seu artigo 31 o cal establece que todos contribuirán ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica mediante un sistema tributario xusto inspirado nos principios de igualdade e progresividade que, en ningún caso, terá alcance confiscatorio; que non vai ser o seu grupo o que fale de non aliviar a carga tributaria dos habitantes de Culleredo e xa no mes de outubro do 2015 presentaron unha moción solicitando establecer unha bonificación do 50% da cota íntegra do IBI para os inmobles nos que se instalen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía proveniente do sol comezando a aplicarse esta bonificación no exercicio 2017; que asimesmo, no goberno municipal presidido polo anterior alcalde tivo a pretensión de manter, unha vez finalizado o prazo transitorio para a aplicación dunha suba do 10% do IBI imposto por Real Decreto coa excusa da crise polo goberno do PP en Madrid e que co seu voto evitouse que se perpetuase no tempo ese incremento do IBI conseguindo aliviar a carga tributaria e a presión fiscal dos veciños de Culleredo ao minorar a cuota do IBI nese 10%, tamén é certo que no artigo 72 do real decreto regulador das facendas locais se regulan as porcentaxes mínimas e máximas do tipo de gravamen que o Concello pode aplicar no IBI, así como tamén se regula a posibilidade excepcional de que os concellos nos que entren en vigor novos valores catastrais resultantes dunha revalorización colectiva de carácter xeral poden establecer durante un periodo máximo de seis anos un tipo de gravame reducido para que os contribuíntes non teñan que soportar de súpeto a subida do imposto e se faga dunha maneira progresiva ao longo deses anos de carencia, algo que neste intre no Concello de Culleredo non sucede que eles saiban; que rebuscando na regulación do IBI a única fórmula que atopan para que o Concello poida establecer novos tipos de gravamen é a de tomar a decisión de facer unha valoración colectiva de carácter xeral, algo que ao seu entender resultaría moi contraproducente para os veciños de Culleredo xa que se a última ponencia de valores foi realizada no exercicio 1993 se agora se procede á realización dunha nova, aínda que se establecese un tipo de gravamen inferior ao que está vixente, pola revalorización dos valores catastrais produciríase un incremento da cota íntegra a pagar polos contribuíntes de Culleredo e non só, como se di na moción, a economía doméstica dos veciños de Culleredo tería que soportar o incremento desproporcionado do precio da luz consecuencia das medidas adoptadas no pasadocos gobernos do PP cando se liberalizou o mercado das eléctricas privatizando estes consumos, senón que por riba terían que soportar o aumento do recibo do IBI acadándose o efecto contrario do que se pretende; que se se está a falar do imposto do IBI, considera que non se debería deixar pasar a oportunidade de falar dos bens inmobles de características especiais, é dicir, os destinados á produción de enerxía eléctrica, gas, as autoestradas e estradas de peaxe, os aeroportos, etc, pois tras as modificacións feitas na normativa para armonizala coa da Unión Europea, ao respecto da súa valoración, entre outras, si que agora se podería estudar a posibilidade de facer unha revisión da valoración única e exclusivamente destes bens o que permitiría ao Concello obter máis ingresos por este concepto, adoptando así medidas de calado como podería ser a supresión do imposto do incremento do valor dos terreos de natureza urbana, a chamada plusvalía, ou a redución da taxa de auga ou a de saneamento, acadando deste xeito o obxectivo de reducir a carga tributaria e a presión fiscal dos contribuíntes no Concello sen que se produza unha minoración nos ingresos do Concello permitíndolle manter os servizos que se prestan sen rebaixar a súa calidade; que consideran que antes de tomar ningunha medida deberíase avalar con informes técnicos que confirmen se se pode realizar; que por todo o exposto, o seu grupo quere propoñer unha emenda á parte dispositiva da moción presentada que quedaría redactada do seguinte xeito:

“Que o Pleno municipal acorde a creación dunha comisión de estudo para proceder á reforma da política fiscal en Culleredo co obxectivo de establecer unha fiscalidade equitativa e progresiva tal como establece a Constitución española.”

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que é evidente que para poder deliberar e aprobar ou autorizar unha medida deste calado é preciso e preceptivo un informe económico riguroso sobre cales van ser as consecuencias desa medida sobre as arcas municipais; que o que contempla o grupo municipal do Partido Popular na súa moción é que o tipo quede no 0,4% fronte ao 0,56% que se aplica actualmente; que o 0,4% é o mínimo e o artigo 72 marca un máximo do 1,10 polo que Culleredo está na metade do máximo; que tampouco é certo o que recolle a moción en referencia a que Culleredo ten unha das presións impositivas polo IBI máis elevadas en relación cos concellos de características similares xa que se fixo un estudo comparativo e fronte ao de Culleredo, que ten un gravame do 0,56%, hai outros concellos limítrofes como o de Cambre que está no 0,55%, Carral no 0,60%, Oleiros no 0,65%, Abegondo no 0,60%, Ordes no 0,53%, Sada no 0,50% e Coruña no 0,60%, e que a recadación do IBI no 2017 xa se rebaxou de facto posto que no 2015 o Concello de Culleredo recaudou preto de seis millóns de euros por este imposto mentres que no 2017 a recadación por este imposto é de catro millóns setecentos mil euros, supoñendo unha rebaixa en torno a un millón trescentos mil euros na recadación do IBI; que o por que desta situación é a volta aos tipos de gravamen que estaban establecidos na ordenanza fiscal unha vez que deixou de ter efectos a Lei Montoro que establecía tipos impositivos a partir do 1 de xaneiro de 2012; que unha vez realizado un estudo sobre os efectos que podería ter a adopción da medida proposta no Concello de Culleredo resulta que suporía unha merma nos recursos municipais de aproximadamente un millón e medio de euros e que na situación actual na que os orzamentos atópanse equilibrados implicaría unha situación de desequilibrio nos mesmos salvo que o grupo do Partido Popular diga e indique onde se poderían rebaxar os gastos e investimentos de veciños polo dito importe dun millón e medio de euros; que como exemplo pon o do Concello de Arteixo que, aínda que como ben dixo o concelleiro de Cidadáns hai que ter en conta a súa situación pois conta cun orzamento de trinta e sete millóns de euros fronte a vinte e catro millóns de euros que ten o Concello de Culleredo que supón unha diferenza de trece millóns de euros, ten a presión fiscal impositiva máis elevada de concellos da contorna de características similares dando unha ratio de 800 euros por veciño fronte aos 400 de Culleredo, Oleiros, Betanzos, Cambre, Carral, e incluso A Coruña que está en 635; que por outro lado hai que ter en conta que os valores catastrais están sen revisar desde o ano 1994 e que se se revisaran, como xa ocorreu nalgún concello limítrofe, se podería ver como se incrementan os recibos da contribución aos veciños e veciñas; que entenden trátase dunha medida que non está suficientemente argumentada e que provoca un quebranto importantísimo nas arcas municipais e que ten un carácter demagóxico e electoralista polo que solicitan quede sobre a mesa esta moción.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañas Varela quen, unha vez concedido, di que efectivamente fai falta un estudo rigoroso que aporte información antes de establecer este tipo de medidas pero iso non obvia que o grupo municipal do Partido Popular vexa a necesidade do seu establecemento, previos todos os informes necesarios que sexan precisos unha vez que o Pleno aprobe a dita medida; que con respecto ao mencionado sobre que para o ano 2019 non dá tempo xa saben que non pero que ese non era o seu obxectivo senón que o pretenden para o ano 2020 polo que van en tempo suficiente para que se poida aprobar, facer o estudo do que se falou, que se faga a ordenanza, se publique e se expoña, e os veciños poidan notar xa no 2020 esa diferenza, pois se se presenta a moción no mes de abril puidera ser que xa non dera tempo para facer o estudio, a ordenanza, etc, motivo polo que a presentan xa co tempo suficiente para que poida ser efectiva no 2020; que o seu grupo en ningún momento falou da necesidade ou non de actualizar os valores catastrais senón simplemente de rebaxar o tipo de gravame nos bens urbáns; que eles solicitan a rebaixa ao 0,40%, igual que o de Arteixo, pero que xa outros grupos solicitaban non fai tanto tempo outros tipos, como Ciudadanos, que solicitaba o 0,46% aínda que agora parece que xa non lle convence o que no seu día propoñía e que quedou enriba da mesa; que se veñen de aprobar unhas contas nas que se estableceu un superávit de 1,7 millóns e con esta medida se deixaría de recadar a cantidade dun millón, polo que o desequilibrio do que se falou el non o ve; que con respecto a que o grupo municipal do Partido Popular non di que o máximo está no 1,10% é certo pero que non estea no máximo non quere dicir nada porque por exemplo en Arteixo efectivamente soportan 800 euros pero os veciños pagan moito menos e hai moitas empresas que pagan moitos impostos e que ten o tipo do 0,40 e o rústico tamén máis baixo que Culleredo, sendo certo que concellos máis pequenos como Carral o teñen máis alto pero teñen

menos parte urbana; que o seu grupo ve que esta é unha boa medida independentemente de que se queira apoiar ou non e que si aceptan a emenda do grupo municipal Marea Veciñal de Culleredo pois entenden que sería bo e necesario o establecemento de mecanismos progresivos que tiveran en conta determinados colectivos ou tipos de familias aos que se lles poida modificar o tipo de gravame deste imposto, ao igual que teñen solicitado nalgunha ocasión respecto do imposto de vehículos que os ecolóxicos non o paguen; que son propostas que algunhas non se aprobaron pero que o grupo municipal do partido popular pensa que serían boas e que ao mellor o Concello de Culleredo non necesita ter tanto superávit e si axustar máis os impostos para que os veciños paguen menos.

A continuación fai uso da palabra o alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, e di que a proposta que fai o grupo socialista, ao igual que algún outro grupo, é que esta moción quede sobre a mesa pois a ninguén lle gusta que o gravame suba e todo é excelente cando baixan os impostos pero é necesario facer unha análise de toda a situación polo que solicitan quede sobre a mesa.

Deseguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañás Varela quen, unha vez concedido, pregunta se entendeu ben e a proposta de que quede sobre a mesa implica a elaboración dun estudo sobre a posibilidade de establecemento da medida contemplada na moción.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que a proposta é que quede sobre a mesa sen tramitar, o que implica que non se aceptan emendas, pois non é factible que se poida aplicar no vindeiro ano 2019.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do Sr. Presidente de deixar sobre a mesa a moción de data 26 de outubro de 2018, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13), dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz, Santos Iglesias, Taibo Gago, Vázquez Lozano e Rivadulla Deschamps.

Votos en contra: tres (3), dos sres/as: Cañás Varela, Ramos Luna e Vázquez Grela.

Abstencións: catro (4) dos sres/as: Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo e Chouciño Garrido.

Á vista do resultado da votación, a moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, de data 26 de outubro de 2018, relativa á modificación do artigo primeiro da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, queda sobre a mesa.

4.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DE CIUDADANOS RELATIVA A MELLORA DA NORMATIVA URBANÍSTICA SOBRE CONTROL DO XOGO E ADICCIÓNS.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción de Ciudadanos, de data 20 de novembro de 2018, relativa á mellora da normativa urbanística sobre control do xogo e adicciós, emendada en data 26 de novembro de 2018 no seu punto número 1, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, coa emenda referida, que literalmente di:

“D. Jesús Manuel Vázquez Lozano, Concejal Portavoz del Grupo Municipal Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, con Cif V70509112, (incluído dentro del grupo mixto) al amparo en lo establecido en el artículo 97 del Reglamento de

Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, formula, para su discusión y, en su caso aprobación en el Pleno Ordinario a celebrar el próximo día, la siguiente **MOCIÓN**:

MEJORA DE LA NORMATIVA URBANÍSTICA RELATIVA AL CONTROL DEL JUEGO Y ADICCIONES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

La regulación del juego en España posee una fragmentación territorial que ha supuesto una variabilidad normativa que ha supuesto que algunas Comunidades estén altamente avanzadas en la regulación de la ordenación del juego y la prevención de conductas adictivas, mientras otras parecen haberse quedado descolgadas. Si bien, somos conscientes de que existe una competencia estatal en materia de juego, que ha de ser ejercida por el Estado en nombre del interés general, y además, consideramos que es el mismo Estado el que debe velar por el que las diferentes normativas autonómicas se actualicen, especialmente en materia de prevención de conductas adictivas.

El Estudio y análisis de los factores de riesgo del trastorno de juego en población clínica española del año 2017, Coordinado por la Dirección General de Ordenación del Juego, proporciona información y conclusiones interesantes en relación con los perfiles psico-sociales más afectados por los trastornos en la actividad de juego, tanto en hombres como en mujeres, así como los principales predictores de la severidad y afectación de dicho trastorno.

La radiografía que arroja este estudio en cuanto al perfil de los jugadores problemáticos en nuestro país es el de un hombre soltero, activo laboralmente, que no dispone de ayudas sociales, que presentó un inicio precoz de la conducta de juego y padece problemas relacionados con la salud. El informe señala que la media de edad de inicio en el juego en nuestro país es a los 21 años, habiéndose iniciado en el juego el 36% de los encuestados antes de los 18 años.

Según la Asociación Española de Empresarios de Salones de Juego y Recreativos (ANESAR), en su memoria 2018, el juego es un negocio rentable que crece anualmente en nuestro país.

Según los datos que arroja su última memoria, el número de casas de apuestas se han multiplicado en todas las Comunidades Autónomas. De los 2441 salones que existían en todo el país en el año 2014, se han alcanzado 3132 en 2017. Por ejemplo, en Madrid, con fecha de principios de mayo había en la región 385 salones dedicados al juego y a las apuestas deportivas frente a los 328 de 2016, los 295 de 2015 o los 270 de 2014, un crecimiento continuado del 42,5%. Andalucía ha experimentado un incremento de 672 salones en el año 2014, a 743 en 2017; Castilla-La Mancha ha pasado de 84 a 180 de 2014 a 2017; Extremadura de 17 a 95 y País Vasco de 162 a 192. Estos son solo algunos ejemplos

Este aumento significativo de las salas de juego, unido a una regulación dispar según la Comunidad Autónoma, recordemos que cada territorio posee una ley de juego, sobre Drogodependencias y otros Trastornos Adictivos, variando el nombre según la comunidad, y que cada ayuntamiento posee una normativa específica sobre ordenación urbanística, que ha dado lugar a que existan casas de apuestas o salas de juego situados justo enfrente de colegios, institutos y centros juveniles. Una cercanía a este tipo de centros que, según diferentes expertos normaliza su presencia y hace que los menores consideren este tipo de negocios aptos para su acceso, facilitando, en cierta medida, el inicio en el juego de los ciudadanos.

Por lo expuesto anteriormente Ciudadanos propone al Pleno la adopción de los siguientes acuerdos:

1.- Solicitar los informes técnicos necesarios, para que se pueda llevar a cabo las modificaciones precisas en la normativa sobre planificación urbanística a fin de prohibir la apertura de casas de apuestas y juego en las proximidades de centros escolares, institutos, centros juveniles y edificios públicos con alto tránsito de menores de edad.

2.- Desenvolgar campañas de concienciación para os progenitores e os menores de idade sobre os riscos que entraña o xogo e as altas cifras de ludopatía que se están registrando entre xóvenes.

3.- Colaborar xunto ao resto de Corpos e Forzas de Seguridade na inspección do funcionamento de estas casas de xogo e apostas a fin de supervisar o correcto funcionamento dos mecanismos de identificación de xogadores e poder detectar posibles menores de idade que puidan haber accedido a estes establecementos."

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, procede á presentación e lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que vén de entregarlle ao concelleiro de Cidadáns unha proposta de emenda e procede á súa lectura dicindo que están totalmente de acordo co preocupante que resulta a situación do xogo pois non é de recibo ver publicidade de famosetes e de clubs deportivos e medios de comunicación masivos que fomentan ata o extremo, incluíndo os espazos e tempos dirixidos á rapazada, a adición ao xogo, sendo inexplicable que o xogo estea normalizado desa maneira e que o mundo capitalista permita facer cartos coas miserias máis baixas da xente e explotar as ansias de quen menos ten; que é significativo ver que determinados persoeiros anuncian simultaneamente webs de xogo e ao mesmo tempo webs de préstamos de usureiros; que tal como di un parágrafo da exposición de motivos, o xogo é un negocio rendible que medra anualmente, unha auténtica vergonza que require de algo máis contundente que o que vén na proposta que se presenta; que non lle gusta o resto da exposición de motivos coa criminalización subxacente de tramitación territorial, etc, e que se buscan datos moi lonxe do entorno de Galicia pero independentemente diso están de acordo totalmente co fondo da cuestión e do preocupante que é toda esta cuestión do xogo; que lle parece unha proposta insuficiente e inoportuno desaproveitar a ocasión de facer unha proposta un pouco máis ambiciosa polo que propón a seguinte emenda de achega como punto nº 4 da moción:

"4.- Que se reclame do Congreso dos Deputados e do Parlamento Galego, o inicio de modificación da normativa relativa ao xogo, de forma que a súa accesibilidade e a súa publicidade queden reducidas á mínima expresión. En particular, que quede prohibida a publicidade nas televisións e radios xeneralistas e en medios de información xeral, incluído a retransmisión daqueles eventos que fagan publicidade de empresas de xogo".

Deseguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal Marea Veciñal de Culleredo, Sr. Santos Iglesias quen, unha vez concedido, di que tendo en conta o Estatuto de Autonomía de Galicia que establece que a competencia nesta materia é da Xunta de Galicia e tendo regulada na súa normativa que a ubicación deses locais de xogo terá que ser como mínimo a 150 metros de distancia aos accesos normais de entrada e saída a centros oficiais que impartan ensinanzas regradas a persoas menores de idade, así como que con data 14 de febreiro de 2018 na Comisión 1ª, institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, foi aprobada a iniciativa do grupo popular unha proposición non de lei na que se insta á Xunta de Galicia á realización dos traballos para a elaboración dunha nova lei do xogo, para a súa actualización, e tendo en conta tamén que na parte dispositiva da moción non se especifica cal é a distancia mínima que se ten que establecer para a prohibición de instalación deses locais, Marea Veciñal, en relación aos puntos 2º e 3º da parte dispositiva, comparte a idea de que desde o Concello de Culleredo se deberían realizar campañas de concienciación sobre os riscos do xogo e as apostas así como colaboración coas Forzas de Seguridade do Estado para a supervisión do funcionamento das casas de xogo, buscando que fórmula adoptar para esa colaboración entendendo que podería ser a través de actuacións da propia Policía Local ou a través da creación dun novo servizo dentro da estrutura administrativa do Concello atribuíndolle as funcións de loita contra o fraude así como o control e supervisión, entre outras, da normativa que afecta ao xogo e ás apostas deportivas; que en relación ao primeiro punto da parte dispositiva pídesse que se soliciten informes técnicos para poder levar a cabo as modificacións precisas na normativa sobre planificación urbanística, botando en falta que non

13 de 39

se solicite a incorporación na futura lei do xogo do incremento da prohibición de que se sitúen ese tipo de locais a unha distancia mínima de 150 metros; que entenden que unha vez realizados os informes técnicos deberían volver traer ao Pleno as súas conclusións para poder acadar un acordo para remitir ao Parlamento de Galicia para incorporación das achegas que se acorden no Pleno do Concello xa que doutro xeito este acordo de solicitar os informes técnicos quedaría baleiro de contido ao non ter o Concello competencias nesa materia.

Continúa a súa intervención o Sr. Santos Iglesias e di que polo que respecta á modificación solicitada da normativa urbanística entenden que este tipo de medidas deberían reflectirse no Plan xeral que se está a tramitar, coa salvidade tamén de que as competencias en materia urbanística correspóndenlle igualmente á Xunta de Galicia.

A continuación solicita o uso da palabra o Sr. Taibo Monelos, voceiro do grupo municipal socialista quen, unha vez concedido, di que desde o Concello de Culleredo e concretamente desde a concellería de Benestar Social comparten e lles parece profundamente apropiada a preocupación que hoxe se trae a debate, sendo un dos obxectivos da área de Sanidade intervir na promoción de hábitos saudables, incidindo especialmente na prevención, sensibilización e derivación dos casos de adiccións con ou sen substancias e comportamentais como son as ludopatías referidas na moción; que desde o punto municipal de información AdicciOn/Off trátanse todo tipo de adiccións, informando, asesorando e derivando ás persoas que precisen dunha intervención ou dos apoios precisos para a súa recuperación e inclusión social; que a derivación faise ás entidades especializadas da temática, procedéndose do seguinte xeito: cando a persoa afectada ou familia están concienciadas de que teñen un problema, derívase de xeito inmediato á asociación AGALURE para unha primeira intervención e cando se dá o caso de que a familia ou a persoa afectada non recoñece ter un problema a derivación faise inicialmente á asociación ADAFAD que intervéñen na concienciación do problema e posterior intervención para levar a cabo un tratamento, formando tamén parte dos fins sociais a difusión e sensibilización da sociedade en xeral respecto dos problemas asociados entre outros a adicción ao xogo; que por todos estes motivos desde fai tres anos estanse impartindo na FP básica e no bacharelato na Laboral e 4º de educación secundaria dos IES charlas e talleres para concienciar e previr contra o xogo e a adicción ás novas tecnoloxías, en colaboración coa asociación AGALURE, que está especializada nestes temas; que a maiores hai asociacións como ANHIDA que se ocupan destes temas; que comparten a preocupación cada vez máis crecente nos usos das TICs, manifestando a súa disposición para continuar desenvolvendo campañas de concienciación, prevención e asesoramento en canto a riscos e recursos para na medida das posibilidades de Culleredo, rebaixar as altas cifras que se veñen reflectindo; que comparten a preocupación ademáis polos efectos da lexislación autonómica vixente que entenden debería facer un maior esforzo á hora de determinar e regular os espazos incluíndo os físicos e as redes sociais fácil e perigosamente asequibles para todos os menores.

A continuación intervéñen o alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, e pregúntalle ao Sr. Vázquez Lozano, proponente da moción, se acepta a emenda presentada polo Sr. Chouciño Garrido, respondendo o dito concelleiro que si a acepta e que simplemente quere matizar que Ciudadanos presentou no Congreso dos Deputados unha PNL neste sentido.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación a moción presentada polo concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano, de data 20 de novembro de 2018, coa emenda presentada polo concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido, que resulta aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase adoptado o acordo anteriormente transcrito, coa emenda presentada, quedando redactada a moción na súa parte dispositiva da seguinte forma:

“1.- Solicitar os informes técnicos necesarios para que se poidan levar a cabo as modificacións precisas na normativa sobre planificación urbanística a fin de prohibir a apertura de casas de apostas e xogo nas proximidades de centros escolares, institutos, centros xuvenís e edificios públicos con alto tránsito de menores de idade.

2.- Desenvolver campañas de concienciación para os proxenitores e os menores de idade sobre os riscos que supón o xogo e as altas cifras de ludopatía que se están a rexistrar entre xóvenes.

3.- Colaborar xunto ao resto de Corpos e Forzas de Seguridade na inspección do funcionamento destas casas de xogo e apostas a fin de supervisar o correcto funcionamento dos mecanismos de identificación de xogadores e poder detectar posibles menores de idade que poidan ter accedido a estes establecementos.

4.- Que se reclame do Congreso dos Deputados e do Parlamento Galego, o inicio de modificación da normativa relativa ao xogo, de forma que a súa accesibilidade e a súa publicidade queden reducidas á mínima expresión. En particular, que quede prohibida a publicidade nas televisións e radios xeneralistas e en medios de información xeral, incluído a retransmisión daqueles eventos que fagan publicidade de empresas de xogo.”

5.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DE CIUDADANOS RELATIVA Á CREACIÓN DUNHA CAMPAÑA DE CONCIENCIACIÓN PARA A RECOLLIDA DOS EXCREMENTOS CANINOS.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción de Ciudadanos, de data 20 de novembro de 2018, relativa á creación dunha campaña de concienciación para a recollida dos excrementos caninos, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“D. Jesús Manuel Vázquez Lozano, Concelleiro Portavoz do Grupo Municipal Ciudadanos – Partido da Cidadanía (incluído no grupo mixto), ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión e no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a seguinte:

MOCIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA CAMPAÑA DE CONCIENCIACIÓN PARA A RECOLLIDA DOS EXCREMENTOS CANINOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Culleredo non é alleo a problemática que supón a presenza de excrementos de cans nas nosas rúas, situación que moitas veces vai ligada a falta de civismo dos propietarios destas mascotas. A pesar de que a maioría dos propietarios son respectuosos, é frecuente atoparmos estes excrementos en calquera zona do noso entorno.

Trátase dun problema de saúde pública e de sensibilización ambiental. Polo que para poder mellorar a calidade de vida e a convivencia entre todos os veciños e veciñas, é necesaria a colaboración de toda a cidadanía, así como a participación do noso Concello en campañas que conciencien sobre a problemática que supón este tipo de comportamentos incívicos.

Como xa sabemos en Culleredo aínda non existe unha ordenanza específica sobre a protección animal. Polo tanto teremos que acudir a Lei 4/2017, de 3 de Outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, que no seu artigo 7.3 c) . establece de “recoller os excrementos que os animais depositen nas vías e espazos públicos e privados de uso común“, tratándose dunha sanción leve para a que se prevé unha sanción económica de entre 100€ e 500€.

C.I.F. P-1503100-H

Dende Ciudadanos cremos que convén impulsar unha campaña eficaz, sensata e seria que involucre ós diferentes axentes do Concello, orientada a dar información sensibilizar e concienciar ós propietarios de animais domésticos, da problemática de deixar as defecacións deses animais nos espazos que son de gozo para todos.

Propoñemos para elo que, a través das distintas ferramentas que poida ofrecer o Concello, así como a colaboración da propia Policía Local, se inicie unha campaña que implique charlas ou talleres en centros educativos, así como información a pé de rúa con folletos que poidan incluír bolsas destinadas a recollida das feces.

Por todo isto dende Ciudadanos Culleredo propoñemos a este Pleno a adopción do seguinte acordo:

1. Por en marcha, a maior brevidade posible, un plan de comunicación orientado á sensibilización cidadá, mediante a colocación de carteis fixos en distintas vías públicas, reparto de folletos en centros educativos, clínicas veterinarias e establecementos dedicados á venda de Mascotas, etc...
2. Estudar a posibilidade de implicar/incluír a figura do educador canino para desenrolar unha campaña a pé de rúa, na que se informe ós donos de mascotas sobre cales son as súas obrigas e as súas consecuencias.
3. Organizar charlas de sensibilización nos centros educativos.
4. Solicitar a máxima colaboración da Policía Local para que o control deste tipo de prácticas nocivas sexa o máis exhaustivo posible.
5. Que se inclúa na futura ordenanza municipal a obriga de recoller os excrementos dos espazos públicos e privados de uso común, e unha sanción por incumprimento, que realmente acabe con este problema."

C.I.F. P-1503100-H

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, fai unha presentación da moción presentada procedendo á súa lectura.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que este é un tema que causa unha grande preocupación veciñal e que recentemente souberon dunha asociación de veciños que trasladou unha queixa veciñal á Valedora do Pobo pola inactividade do goberno municipal ao respecto; que foi a mesma asociación que interveu no Pleno cando desde o BNG levaron unha proposta relativa ao benestar animal que entre outras cousas propoñía a creación dunha rede de recintos para poder levar alí as mascotas a facer as súas necesidades sen molestar a ninguén e que non houbera ningunha excusa para poder cumprir a lexislación con firmeza; que o goberno municipal anunciara xa a creación deses recintos no ano 2014 e posteriormente no 2017, sabendo que de propaganda andan ben pero do resultado daquela iniciativa do BNG non souberon nada máis como tantas outras que se teñen aprobado no Pleno; que ese é o concepto que ten o goberno da pluralidade e de quen representa ao Pleno da Corporación; que neste caso é imprescindible o cumprimento da lexislación e que con propostas e máis propostas está claro que non se vai facer nada polo que cómpre que o goberno municipal faga cumprir a lexislación vendo que non o fai, motivo polo que unha asociación de veciños tivo que acudir á Valedora do Pobo, porque hai un pequeno grupo de xente desaprensiva e incivilizada; que a maioría da poboación é respetuosa e ten un comportamento cívico correcto e, como en calquera outro ámbito, como respetar a prohibición de fumar nos bares ou a de respetar o código de circulación ou tantas outras, non é certo que non haxa normativa e que el descargou a ordenanza de medio ambiente da páxina web municipal e algún dos parágrafos si fai alusión a que non recoller os excrementos dos cans é unha infracción leve e fala do réxime de sancións que se aplicará; que a lexislación que se mencionaba era do ano 1999 e agora hai unha lexislación autonómica polo que

carencia de lexislación non é e hai que seguir ese consello xa de moi antigo que di “leis pouquiñas pero que se cumplan” anunciando que o seu voto vai ser de abstención.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que seguindo na liña dos seus compañeiros ten que dicir que o problema si existe, provocando moitas queixas e tratándose dun problema grave de convivencia; que está totalmente de acordo con que se fagan campañas de concienciación pero que non se pode criminalizar ás persoas que teñen can porque o 90% delas recollen os excrementos e non xeran ningún problema senón todo o contrario; que o problema está nas persoas que non cumpren polo que fai o rogo ao goberno municipal, pois supón que na sesión non disporá dos datos, de que na próxima sesión diga cantas denuncias deste tipo se tramitaron e enviaron á Xunta pois aí é onde se ve se se toman medidas contra as persoas que infrinxen continuamente ou non pois o demais só é papel.

Deseguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañas Varela quen, unha vez concedido, di que están de acordo co que propón o concelleiro de Ciudadanos, ao igual que cando propuxo o BNG e cando participou no Pleno a asociación O Noso Burgo para que o Concello actuase, considerando que cumpren coas súas obrigas non o 90% dos propietarios de mascotas senón quizáis o 95, o 98 ou o 99% deles cumpren coa normativa sobre tenencia de animais de compañía, pero tamén é consciente porque vive en Culleredo de que ao ir polas rúas atópase con excrementos de can nas beirarrúas, especialmente nas rúas estreitas preto das zonas axardinadas onde os propietarios levan as súas mascotas a primeira hora da mañá ou última da noite; que si hai normativa sobre tenencia de animais que obriga a recoller as feces dos animais de compañía, a levar correa ou bozal para os cans máis perigosos, hai prohibición de entrar con cans en determinados locais ou parques, etc, pero o problema é ese 1% dos veciños que non cumpren e aos que non se lles pode dicir nada porque aínda teñen máis que dicir, sendo moi violento charmarlles a atención a esas persoas, máxime cando van acompañadas de cans perigosos; que son unha pequena minoría pero moi molesta e para iso está a Policía Local polo que se deberían impoñer sancións para disuadir eses comportamentos, que son reiterados unha e outra vez; que están de acordo cunha campaña de concienciación pero hai que poñer data xa para que non pase o de moitas veces, que se aproban mocións que nunca se levan a cabo; que igual estaría ben a figura do educador canino e que estaría ben ir aos colexios e explicarlles aos rapaces o que hai que facer, para que o fagan no futuro e expliquen nas casas o que hai que facer pois eles son persistentes e insisten nas casas unha e outra vez o que lles explican nos colexios.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que esta moción de Ciudadanos, relativa a creación dunha campaña de concienciación para a recollida de excrementos caninos lle parece oportuna e axeitada e que xa desde o equipo de goberno están concienciados porque saben que é un problema que existe e que esa falta de sensibilidade nas rúas é por parte duns poucos incumplidores fronte a uns moitos que si cumpren; que hai unha campaña xa en marcha aparelada a tres puntos de tratamento de recollida para que se poidan levar as mascotas e que xa se están iniciando a data de hoxe polo que calculan que no mes de xaneiro estarán rematados; que esta campaña xa está deseñada e, aínda que é moi oportuna no tempo, dado que xa está en marcha solicita ao concelleiro proponente da moción valore a posibilidade de deixala sobre a mesa anunciando non obstante que en calquera caso o seu voto vai ser favorable.

Deseguido solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que efectivamente todos están de acordo en que a problemática existe e que non hai unha normativa clara sobre o asunto e se unha persoa ve a alguén que non recolle os excrementos e nese momento chama á Policía Local non ten maneira de xustificar que can foi o que depositou o excremento podéndose atopar cun problema co increpado; que existen indicios noutros concellos de multas vía análises de ADN aos excrementos dos animais; que se poderían facer moitas propostas e non hai unha senón moitas; con respecto ás zonas de esparcemento son tres e non sempre son eficaces pois hai mascotas que viven lonxe desas zonas e cando deran chegado alí xa terían depositados os seus excrementos varias veces; que lle parece unha problemática grave e que todo o mundo se

debería concienciar sobre esto, e aínda que lle parece xenial ter tres zonas de espacemento non o ve suficiente e fai falla algo máis, algo que poida avergoñar a aquel que non cumpra coa normativa.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción de Ciudadanos, de data 20 de novembro de 2018, co seguinte resultado:

Votos a favor: quince (15), dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz, Cañás Varela, Ramos Luna, Vázquez Grela, Santos Iglesias, Taibo Gago e Vázquez Lozano.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: cinco (5) dos sres/as: Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Chouciño Garrido e Rivadulla Deschamps.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción de Ciudadanos, de data 20 de novembro de 2018, anteriormente transcrita.

6.- DACIÓN DE CONTA INFORME DO CONSORCIO “AS MARIÑAS”

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación da celebración o pasado día 29 de outubro de 2018 dun pleno extraordinario do Consorcio coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores.
2. Dación de conta das resolucións asinadas pola Presidencia dende o último Pleno.
3. Aprobación se procede da conta xeral do exercicio económico do ano 2017.
4. Rogos e preguntas.

7.- DACIÓN DE CONTA INFORMES DE REPARO DE INTERVENCIÓN.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal dos seguintes informes de reparo formulados pola Intervención municipal:

- Informe de data 07/08/2018 (código de documento UIT12I00LP)
- Informe de data 16/10/2018 (código de documento UIT12I00T0)
- Informe de data 24/10/2018 (código de documento UIT12I00TT)
- Informe de data 29/10/2018 (código de documento UIT12I00UA)
- Informe de data 26/10/2018 (código de documento UIT12I00U4)
- Informe de data 03/07/2018 (código de documento UIT12I00FG)

C.I.F. P-1503100-H

- Informe de data 03/07/2018 (código de documento UIT12I00FH)
- Informe de data 29/10/2018 (código de documento UIT12I00U7)
- Informe de data 25/06/2018 (código de documento UIT12I00EP)
- Informe de data 25/06/2018 (código de documento UIT12I00EO)
- Informe de data 25/06/2018 (código de documento UIT12I00ER)
- Informe de data 03/07/2018 (código de documento UIT12I00FF)
- Informe de data 09/07/2018 (código de documento UIT12I00GF)
- Informe de data 09/07/2018 (código de documento UIT12I00GK)
- Informe de data 09/07/2018 (código de documento UIT12I00GL)
- Informe de data 25/06/2018 (código de documento UIT12I00ET)
- Informe de data 09/07/2018 (código de documento UIT12I00GO)
- Informe de data 09/07/2018 (código de documento UIT12I00GR)
- Informe de data 09/07/2018 (código de documento UIT12I00GX)
- Informe de data 23/07/2018 (código de documento UIT12I00JO)
- Informe de data 09/07/2018 (código de documento UIT12I00H2)
- Informe de data 09/07/2018 (código de documento UIT12I00GZ)
- Informe de data 09/07/2018 (código de documento UIT12I00H6)
- Informe de data 09/07/2018 (código de documento UIT12I00H7)
- Informe de data 09/07/2018 (código de documento UIT12I00HA)
- Informe de data 09/07/2018 (código de documento UIT12I00HB)
- Informe de data 09/07/2018 (código de documento UIT12I00GB)
- Informe de data 03/07/2018 (código de documento UIT12I00FD)
- Informe de data 25/06/2018 (código de documento UIT12I00ES)
- Informe de data 07/08/2018 (código de documento UIT12I00LQ)
- Informe de data 29/10/2018 (código de documento UIT12I00U7)
- Informe de data 25/06/2018 (código de documento UIT12I00EU)
- Informe de data 14/08/2018 (código de documento UIT12I00M8)
- Informe de data 24/04/2018 (código de documento UIT12I007K)

8.- DACIÓN DE CONTA DE INCORPORACIÓNS AO REXISTRO MUNICIPAL DE SUBVENCIÓNS CORRESPONDENTES AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2018.

Non se dá conta de ningunha.

9.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLARÍAS DELEGADAS.

A Presidencia, de conformidade co disposto no art. 55 do ROM, dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola alcaldía e concellaría delegadas, que comprenden un total de 659 resolucións numeradas da 1601 á 2259 do ano 2018, que se relacionan deseguido:

C.I.F. P-1503100-H	NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 29-11-2018
	1601	17/10/2018	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Voceiros do día 19-10-2018.	
	1602	17/10/2018	Convocatoria á sesión extraordinaria da Xunta Local de Seguridade do día 30-10-2018	
	1603	17/10/2018	Aprobación da certificación núm. 2 e última da obra "Construcción aparcamiento en superficie para centro de salud y obras complementarias en Avda. Portádego", a favor da empresa CANARGA, SL polo importe de 26.454,77€.	
	1604	18/10/2018	Arquivo das actuacións de reposición da legalidade urbanística que se practicaron. (Realización dunhas obras de construción dun muro de formigón nunha parcela situada na Av. Alvedro por B.R.R.).	
	1605	18/10/2018	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 22-10-2018	
	1606	18/10/2018	Delegación na concelleira D. ^a Marta María Iglesias Becerra do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre M.L.L. e M.A.P.E. o día 19-10-2018 ás 12.00 horas.	
	1607	18/10/2018	Concesión á AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA ANCORADOIRA autorización para a ocupación de espazo público no lugar EXPLANADA MULTIUSOS PASEO MARÍTIMO DO BURGO o día 20-10-2018 para a celebración da festa popular ao aire libre OUTUBRO FOLK.	
	1608	18/10/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.A.M. do recibo de auga por importe de 57,36€ correspondente ao 3º trimestre de 2018.	
	1609	18/10/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a F.J.C.G. do pago do recibo de auga por importe de 55,93€ correspondente ao 3º trimestre de 2018.	
	1610	18/10/2018	Desestimación da reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por M.D.S.P.	

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 29-11-2018
1611	19/10/2018	Asunción das funcións da alcaldía polo primeiro tenente de alcalde, D. Diego A. Taibo Monelos, o día 19-10-2018 de 13.00 a 15.00 horas.	
1612	19/10/2018	Aprobación liquidación correspondente alta Padrón. Núm. Placa 423. Concepto: taxa entradas vehículos a través beirarrúas e reservas vía pública (modalidade reserva permanente 24 horas). Ano: 2018. Contribuínte: Com. Prop. Av. Vilaboa 55-57.	
1613	19/10/2018	Aprobación liquidación correspondente alta Padrón. Núm. Placa 290. Concepto: taxa entradas vehículos a través beirarrúas e reservas vía pública (modalidade reserva permanente 24 horas). Ano: 2018. Contribuínte: Com. Prop. R/ Amparo López Jean 7-9-11.	
1614	19/10/2018	Aprobación da devolución da cantidade de 279,82€ ingresada en concepto de taxa por licenzas urbanísticas a CAMPRE GESTION Y PROMOCION SL	
1615	19/10/2018	Aprobación da devolución da cantidade de 12,5€ ingresada en concepto de Prezo público por Fotografía perfeccionamento a O.D.R.	
1616	22/10/2018	Convocatoria á sesión ordinaria do Pleno Municipal de data 25-10-2018.	
1617	22/10/2018	Anulación da liquidación practicada no terceiro trimestre de 2018 e aprobación dunha nova na que os tipos de gravame do 3º tramo de consumo (>55m3/trimestre) serán os establecidos para o 2º tramo, 0,66€/m3 a M.E.M.A., no domicilio situado en Rumbo.	
1618	22/10/2018	Orde de anotación no Rexistro municipal de subvencións das resolucións relativas á concesión de subvencións ou axudas durante o período comprendido entre o 05-07-2018 e o 26-09-2018, ambos os dous incluídos.	
1619	22/10/2018	Autorización do uso especial por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para RBTS Goiente s/núm. en Sueiro.	
1620	22/10/2018	Levantamento reparo Intervención Xeral, avocación competencia, aprobación, disposición, recoñecemento gasto e ordenación pago e aprobación, disposición e recoñecemento obriga (ADO 220180017108). (TERCEIRO: TÉCNICAS & GRAMAXE SK.-IMPORTE TOTAL: 77,00€).	
1621	22/10/2018	Levantamento reparo formulado Intervención xeral, avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento obrigas que se especifican na relación O/2018/58. (TERCEIRO: PLUS ULTRA, SEGUROS GENERALES Y DE VIDA SA - IMPORTE TOTAL:294,95€ e máis).	
1622	22/10/2018	Estimación das alegacións presentadas ao expediente 11486/2018 (Sanción tráfico).	

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 29-11-2018
1623	22/10/2018	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral, avocación da competencia e aprobación, disposición e recoñecemento das obrigas que se especifican O/2018/57. (TERCEIRO: DÍNAMO XESTIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS SL - IMPORTE TOTAL: 399,30€ e máis).	
1624	22/10/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago J.D.V. do recibo auga por importe de 197,20€ do 4º trimestre de 2017, 1º e 2º trimestre de 2018, pago do recibo de luz por importe de 113,25€ do 04-01-2018 ao 05-06-2018 e máis.	
1625	23/10/2018	Corrección erro detectado na resolución núm. 1529 do 03-10-2018.	
1626	23/10/2018	Imposición sanción tráfico, expediente 3161/2018 e un máis.	
1627	24/10/2018	Baixa no Padrón Municipal de Habitantes con efectos desde o 03-10-2018 de M.D.B.D. e máis.	
1628	24/10/2018	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2018/59. (TERCEIRO: MULTIPRECIOS GALICIA, SL-IMPORTE TOTAL: 51,00€ e máis).	
1629	24/10/2018	Autorización do uso especial por ORANGE ESPAÑA COMUNICACIONES FIJAS SL dos terreos de dominio público municipal para construción de dúas arquetas e canalización de rede de telefonía na Av. Coruña núm. 26 - O Burgo.	
1630	24/10/2018	Autorización do uso especial por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA dos terreos de dominio público municipal afectados para rede de baixa tensión subterránea no lugar de Boedo 6 - Veiga.	
1631	24/10/2018	Autorización do uso especial por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA dos terreos de dominio público municipal afectados para rede de baixa tensión subterránea Tarrío, s/núm. - Culleredo.	
1632	24/10/2018	Autorización do uso especial por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA dos terreos de dominio público municipal afectados para RBT en Valiñas - Sueiro.	
1633	24/10/2018	Autorización do uso especial por NEDGIA GALICIA, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para acometida de gas natural a edificio situado na Av. Alcalde Electo Carballo núm. 9 - Rutis.	
1634	24/10/2018	Aprobación da certificación única da obra "Renovación y ampliación parque infantil Fernando II - Concello de Culleredo", a favor da empresa JARDINERÍA ARCE, SL, polo importe de 29.977,13€.	
1635	24/10/2018	Aprobación da certificación núm. 3 da obra "Renovación de tubaxes de abastecemento na AC-213, O Burgo - A Telva", a favor da empresa CONSTRUCCIONES PAN Y DÍAZ, SL, polo importe de 29.945,69€.	
1636	25/10/2018	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 29-10-2018.	

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 29-11-2018
1637	25/10/2018	Delegación na concelleira D. ^a Marta María Iglesias Becerra do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre C.C.I. e R.R.L. o día 27-10-2018 ás 13.30 horas.	
1638	25/10/2018	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2018/61. (TERCEIRO: ESTRATEGIA Y ORZANIZACIÓN, SA-IMPORTE TOTAL: 3.081,91€ e máis).	
1639	25/10/2018	Autorización, disposición, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago de facturas varias (G.F.G.- 540,02 € e máis).	
1640	25/10/2018	Consideración interesados procedemento Caja Ahorros Valencia Castellón y Alicante BANCAJA e Axencia Estatal Administración Tributaria e requirimento BANCAJA, calidade propietaria ben pleno dominio, retirada vehículo 8851FPF vía pública.	
1641	25/10/2018	Requirimento J.A.M.T. para que nun mes proceda retirada vehículo 5103CCS coa advertencia que de non cumprir indicado ditarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	
1642	25/10/2018	Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia de A.S.R. con data 30/09/2018 ao causar alta como dependente cunha prestación de 62 horas mensuais o día 01/10/2018.	
1643	25/10/2018	Nomeamento instrutora do procedemento, relativo á reclamación presentada por J.M.L.G., á xefe da Asesoría Xurídica M.N.F.B.	
1644	25/10/2018	Nomeamento instrutora do procedemento, relativo á reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por M.T.G.P., á xefe da Asesoría Xurídica M.N.F.B.	
1645	25/10/2018	Concesión a M.E.G.D. da licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada no lugar de Vinxeira Pequena, parroquia de Celas e aprobación da devolución do aval depositado.	
1646	25/10/2018	Concesión a M.A.C. da licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada na rúa José Ramallo - Culleredo e aprobación da devolución da fianza depositada.	
1647	25/10/2018	Concesión a M.S.G. e P.G.S. da licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada en Cillobre, parroquia de Sésamo e aprobación da devolución do aval depositado.	
1648	21/09/2018	Aceptación subvención Consellería Economía, Emprego e Industria importe de 288.807,00€ para financiamento custos formación profesional e gastos salariais derivados contratos traballo proxecto Obradoiro dual emprego "Culleredo verde" para 20 alumnos/as.	

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 29-11-2018
1649	09/10/2018	Aprobación expediente xeración de crédito para financiar o proxecto do obradoiro de emprego denominado "Culleredo verde", para 20 alumnos/as-traballadores/as, por importe de 288,807,00€ e o importe de 7.500,00€ para incentivos á contratación laboral.	
1650	26/10/2018	Imposición sanción tráfico, expediente 5183/2018.	
1651	26/10/2018	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral, avocación da competencia e aprobación, disposición e recoñecemento das obrigas que se especifican na O/2018/60. (TERCEIRO: MERCANTABRIA SL UNIPERSONAL - IMPORTE TOTAL: 119,03€ e máis) e pagamento.	
1652	26/10/2018	Rexistro do animal potencialmente perigoso de nome Cupra, especie canina, núm. Microchip 981098106733298, propietario B.L.B., núm. de licenza para posesión de animais potencialmente perigosos: 128, data de expedición 16-10-2018.	
1653	26/10/2018	Imposición sanción tráfico, expediente: 10815/2018.	
1654	26/10/2018	Imposición sanción tráfico, expediente: 7965/2018.	
1655	26/10/2018	Aprobación da liquidación en concepto de Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana correspondente ao Expte.: URE/2018/419. Sucesso pasivo: M.A.S.R. Importe a ingresar 179,57€.	
1656	26/10/2018	Aprobación conta xustificativa aplicación subvención recibida dotación novidades editoriais galego formato físico e mellora coleccións bibliográficas destino bibliotecas e/ou axencias lectura públicas titularidade municipal. Subvención recibida 2187,50€.	
1657	26/10/2018	Outorgamento dunha licenza municipal para a instalación da terraza da cervexería SILCAS a J.A. SILCAS, SL.	
1658	29/10/2018	Asunción das funcións da alcaldía polo primeiro tenente de alcalde, D. Diego A. Taibo Monelos, o día 29-10-2018 desde as 13.00 ata as 15.00 horas.	
1659	29/10/2018	Recoñecemento de obriga e ordenación pago factura. (TERCEIRO: NARONTEC GESTIÓN,SL- IMPORTE TOTAL: 2.200,00€).	
1660	29/10/2018	Concesión a M.C.D. da licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada na rúa Tarrío, parroquia de Culleredo e devolución da fianza depositada.	
1661	29/10/2018	Baixa no servizo de teleasistencia domiciliar e no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia N.V.A., con data 30/09/2018 ao causar alta como dependente cunha prestación de 45 horas mensuais o día 01/10/2018.	
1662	29/10/2018	Baixa no servizo de Teleasistencia domiciliar e no servizo municipal de Axuda a domicilio por libre concorrencia C.G.B., con data 31/08/2018 e baixa no servizo de Axuda a domicilio de A.C.B.	

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 29-11-2018
1663	29/10/2018	Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia J.G.B., con data 31/10/2018 ao causar alta como dependente cunha prestación de 31 horas mensuais o día 01/11/2018.	
1664	29/10/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a Y.D.C. do recibo de electricidade por importe de 21,09€ do mes de setembro de 2018.	
1665	29/10/2018	Concesión a M.P.V.R. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
1666	29/10/2018	Concesión a A.E.L. da tarxeta de estacionamento provisional por razón de discapacidade.	
1667	29/10/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde pago E.P.O. recibo auga por importe de 57,36€ do 3º trimestre de 2018 e dos recibos de electricidade por importe de 32,26€ correspondentes ao mes de xullo de 2018 (14,97€) e agosto de 2018 (17,29€).	
1668	29/10/2018	Concesión a J.A.R.F. dunha axuda económica para o pago dunha lavadora e dun frigorífico por importe de 541,86€.	
1669	29/10/2018	Concesión a M.C.A.V. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€.	
1670	29/10/2018	Concesión a L.S.G.L. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€.	
1671	29/10/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde pago a M.C.B.L. do recibo de auga correspondente ao 4º trimestre de 2017, 1º, 2º e 3º trimestre de 2018 por un importe de 183,53€ e do recibo de luz do 08-11-2017 ao 14-08-2018, importe total 265,81€.	
1672	30/10/2018	Delegación na concelleira D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre L.F.G. e A.V.M. o día 03-11-2018 ás 19.00 horas.	
1673	30/10/2018	Levantamento do reparo que formula a Intervención Xeral e avocación da competencia para a contratación laboral temporal do persoal do obradoiro dual de emprego "Culleredo verde".	
1674	30/10/2018	Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia C.F.N. con data 31-10-2018 ao causar alta dentro do sistema de Dependencia cunha prestación de 44 horas mensuais o día 01-11-2018.	
1675	30/10/2018	Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia D.C.G. con data 31-10-2018 ao causar alta dentro do sistema de Dependencia cunha prestación de 22 horas mensuais o día 01-11-2018.	
1676	30/10/2018	Aprobación da lista definitiva dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a cobertura de dúas prazas de policía local polo sistema de mobilidade e polo procedemento de concurso.	

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 29-11-2018
1677	30/10/2018	Autorización dos gastos derivados da execución dos traballos de limpeza e desbroce na marxe esquerda do río Mero, dende a zona de Bunge ata a zona da Telva en Almeiras, a executar por V.M.P.P. polo importe ofertado de 9.503,77€, IVE incluído.	
1678	30/10/2018	Outorgamento dunha licenza municipal para a instalación da terraza do café-bar "Arrincadeira", situado na Av. Ribados núm. 14 a A.G.C.	
1679	31/10/2018	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 05-11-2018.	
1680	31/10/2018	Levantamento do reparo formulado pola Intervención Xeral, avocación da competencia e aprobación, disposición, recoñecemento das obrigas O/2018/62 (MERCANTABRIA, SL UNIPERSONAL- IMPORTE: 159,35€ e máis) e ordenación pagamento.	
1681	31/10/2018	Atribución das funcións a J.L.L.P. como xefe do Servizo de Seguridade Cidadá e Protección Civil, de forma accidental, do 27-10-2018 ao 05-11-2018.	
1682	31/10/2018	Declaración de que o Obradoiro dual de emprego denominado "Culleredo verde", código AGAO108, núm. expediente TR353A/15/0026/2018 iniciou o día 30-10-2018 a súa actividade.	
1683	31/10/2018	Imposición sanción tráfico, expediente: 10302/2018.	
1684	31/10/2018	Estimación das alegacións presentadas ao expediente sancionador de tráfico núm. 11371/2018.	
1685	31/10/2018	Levantamento reparo suspensivo Intervención xeral e avocación competencia adxudicación contrato execución obras denominadas "Climatización local social en Orro en LG ORRO, S/N" e máis e autorización e disposición gasto derivado execución devanditas obras.	
1686	31/10/2018	Levantamento reparo suspensivo formulado Intervención xeral e avocación competencia adxudicación contrato execución obra denominada "PARQUES DE ESPARAXEMENTO CANINO DO CONCELLO DE CULLEREDO" a executar por JARDINERÍA ARCE, importe 40.366,79€ IVE engadido.	
1687	31/10/2018	Baixa no servizo municipal de Teleasistencia domiciliar e de Axuda a domicilio por libre concorrencia de J.P.F. e J.V.G. con data 31-10-2018 ao causar alta o 01-11-2018 pola vía de Dependencia cunha prestación de 26 e 18 horas mensuais respectivamente.	
1688	31/10/2018	Concesión a L.V.F. da licenza de primeira ocupación para a vivenda unifamiliar situada na rúa María Román da parroquia de Culleredo e devolución da fianza depositada.	
1689	31/10/2018	Denegación a J.R.R.S. das axudas para bono de recibo de aluguer.	
1690	31/10/2018	Denegación a N.K. das axudas para bono de aluguer.	

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 29-11-2018
1691	31/10/2018	Concesión a A.R.S. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
1692	31/10/2018	Concesión a V.M.V.C. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 5 horas á semana (agás festivos).	
1693	31/10/2018	Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrancia de E.S.F. con data 31-10-2018 ao causar alta como dependente cunha prestación de 44 horas mensuais o día 01-11-2018.	
1694	05/11/2018	Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrancia de F.J.M.G. con data 30-11-2018 ao causar alta dentro do sistema de Dependencia cunha prestación de 20 horas mensuais o día 01-12-2018.	
1695	05/11/2018	Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrancia de J.O.M. con data 31-10-2018 ao causar alta como dependente cunha prestación de 22 horas mensuais o día 01-11-2018.	
1696	05/11/2018	Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrancia de A.B.G. con data 31-10-2018 ao causar alta dentro do sistema de Dependencia cunha prestación de 22 horas mensuais o día 01-11-2018.	
1697	05/11/2018	Concesión a M.E.C.V. e J.V.C. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 2 horas á semana (agás festivos) por un período de tres meses.	
1698	05/11/2018	Concesión a M.G.P. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 5 horas á semana (agás festivos), durante o tempo preciso que dure a convalecencia da intervención cirúrxica prevista.	
1699	05/11/2018	Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrancia de A.G.C. con data 31-10-2018 ao causar alta dentro do sistema de Dependencia cunha prestación de 22 horas mensuais o día 01-11-2018.	
1700	05/11/2018	Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrancia M.J.M.C. con data 23-10-2018 ao causar alta dentro do sistema de Dependencia cunha prestación de 20 horas mensuais o día 01-11-2018.	
1701	05/11/2018	Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrancia M.A.B. con data 31-10-2018 ao causar alta dentro do sistema de Dependencia cunha prestación de 22 horas mensuais o día 01-11-2018.	
1702	05/11/2018	Concesión a R.S.P. e M.V.B. dunha ampliación no servizo municipal de Axuda no fogar cun total de 10 horas á semana (agás festivos).	
1703	05/11/2018	Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrancia de A.M.F.S. con data 31-10-2018 ao causar alta dentro do sistema de Dependencia cunha prestación de 22 horas mensuais o día 01-11-2018.	
1704	05/11/2018	Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrancia de J.S.R. con data 31-10-2018 ao causar alta dentro do sistema de Dependencia cunha prestación de 31 horas mensuais o día 01-11-2018.	

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 29-11-2018
1705	05/11/2018	Concesión a C.M.P.D. dunha axuda económica para o pago de recibos de comunidade por importe de 684,25€ dos meses de xaneiro a outubro de 2018, pago de recibos de electricidade de cinco meses de 2018, Bono de alimentos tipo A e Bono hixiene tipo A.	
1706	05/11/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a E.P.O. do recibo de electricidade por importe de 14,24€ correspondente ao período do 12-09-2018 ao 08-10-2018.	
1707	05/11/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a N.M.V. do recibo de auga por importe de 53,07€ correspondente ao terceiro trimestre de 2018.	
1708	05/11/2018	Concesión a T.S. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 900€.	
1709	05/11/2018	Aprobación da devolución da cantidade de 25€ ingresada en concepto de Prezo público por Baile de salón a J.Q.D.	
1710	05/11/2018	Denegación da devolución da cantidade de 45€ ingresada en concepto de Prezo público por iniciación ao inglés a M.C.R.	
1711	05/11/2018	Declaración caducidade procedemento reposición legalidade urbanística incoado resolución 374/2017 a D.C.C realización obras construción muro contención parcela R/ Reveriano Soutullo (Rutis) e incoación novo procedemento reposición legalidade urbanística.	
1712	05/11/2018	Corrección dun erro material na resolución do concelleiro delegado de Urbanismo de data 12-10-2018.	
1713	05/11/2018	Modificación da licenza municipal para a instalación da terraza do café-cantante "COUSA NOSA" concedida a HERMANOS PECHE, SL.	
1714	05/11/2018	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 11478/2018 e máis.	
1715	06/11/2018	Asunción das funcións da alcaldía polo primeiro tenente de alcalde, D. Diego A. Taibo Monelos, desde as 11.00 horas do día 06-11-2018 ata as 00.00 horas do día 09-11-2018.	
1716	06/11/2018	Delegación na concelleira D.ª Marta María Figueroa Fuentes do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre P.A.R. e J.G.-M.M. o día 10-11-2018 ás 19.30 horas.	
1717	06/11/2018	Delegación na concelleira D.ª María del Carmen Varela Corbelle do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre A.V.P. e R.P.E. o día 11-11-2018 ás 13.30 horas.	
1718	07/11/2018	Aprobación da devolución da cantidade de 235,48€ ingresada en concepto de imposto do Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana a S.C.G.L.	
1719	08/11/2018	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 12-11-2018.	

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 29-11-2018
1720	08/11/2018	Autorización á Sra. Ramos Luna á consulta do expediente de obras 334/2004 e ao expediente de primeira ocupación UAU/2013/182.	
1721	08/11/2018	Autorización á Sra. Ramos Luna á consulta do proxecto de execución do inmovible situado na Rúa Clara Campoamor núm. 16.	
1722	09/11/2018	Concesión a J.A.A.C. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
1723	12/11/2018	Delegación da presidencia efectiva do Consello Local de Seguridade no concelleiro D. Diego Antonio Taibo Monelos, concelleiro delegado de Urbanismo e primeiro tenente de alcalde.	
1724	12/11/2018	Persoamento en nome do Concello de Culleredo como demandado ante o Xulgado do Social núm. 1 da Coruña no MGT 742/2018.	
1725	12/11/2018	Concesión a C.O.S.R. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 2 horas á semana (agás festivos).	
1726	12/11/2018	Concesión a A.T.A. da redución no horario do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 4 horas á semana (agás festivos).	
1727	12/11/2018	Concesión A.M.M.O. dunha axuda económica pago de recibos de comunidade (12 cotas de xaneiro a decembro de 2018) por importe de 420€, pago recibos auga 1º, 2º, 3º trimestre 2018, pago recibos gas 4 meses, Bono alimentos tipo A e Bono hixiene tipo A.	
1728	12/11/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a Y.D.C. do recibo de gas por importe de 13,60€ correspondente ao período do 09-08-2018 ao 08-10-2018.	
1729	12/11/2018	Concesión a E.S.V. dunha axuda económica para o pago de recibos de electricidade correspondentes a 4 meses de 2018, pago recibos auga de tres trimestres de 2018, e para pago recibos comunidade 12 meses 2018, por un importe total de 612€ (51€/mes).	
1730	12/11/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.M.P. do recibo de auga por importe de 156,31€ correspondente ao 1º e 2º trimestre de 2018, pago recibo luz 119,32€ do 01-01-2018 ao 12-04-2018 e pago recibo gas 96,29€ do 01-01-2018 ao 11-06-2018.	
1731	12/11/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.A.P. do recibo de auga por importe 193,34€ correspondente ao 4º trimestre de 2017 e 1º trimestre de 2018.	
1732	12/11/2018	Concesión a Y.L.M. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1050€.	
1733	12/11/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a Y.J.C. dunha axuda económica para o pago do recibo de auga por importe de 68,61€ correspondente ao 2º trimestre de 2018, pago recibo luz 184,74€ do período do 08-05-2018 ao 09-09-2018.	

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 29-11-2018
1734	12/11/2018	Concesión a C.L.R. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
1735	12/11/2018	Imposibilidade expedición certificación solicitada por J.S.G. de non incoación dun expediente de reposición da legalidade urbanística sobre o inmovible con referencia catastral 8063303NH4986S0001QB, situado na R/ Río Sil, parroquia de Rutis.	
1736	12/11/2018	Concesión a LARCORUÑA SL da licenza solicitada para a construción dun edificio destinado a 4 vivendas e baixo cuberta para rochos na R/ Agustín Abeleira núm. 4, parroquia de Rutis.	
1737	12/11/2018	Concesión a REBOREDO PEDREIRA, SC da licenza de primeira ocupación da ampliación da nave para explotación gandeira, situada no lugar de Castelo de Abaixo núm. 8, parroquia de Castelo.	
1738	12/11/2018	Autorización, disposición, recoñecemento da obriga e ordenación do pago do gasto "Dietas asistencia comisión valoración proceso selectivo". (Selección técnico/a de turismo).	
1739	12/11/2018	Autorización, disposición, recoñecemento da obriga e ordenación do pago do gasto "Dietas asistencia comisión valoración proceso selectivo". (Selección de mestres/as para impartir módulos formativos: actividades xestión administrativa e máis).	
1740	12/11/2018	Autorización, disposición, recoñecemento da obriga e ordenación do pago, da achega do promotor ao plan de pensións "Empregados Concello de Culleredo", ano 2018. Importe 21.046,30€.	
1741	12/11/2018	Levantamento dos reparos suspensivos formulados pola Intervención xeral e avocación da competencia para a adxudicación do contrato para a execución dos servizos denominados: (Expte.: UCP/2018/139-Obradoiro e espectáculo do Mago Albert, e máis).	
1742	12/11/2018	Levantamento dos reparos suspensivos formulados pola Intervención xeral e avocación da competencia para a adxudicación do contrato para a execución dos servizos denominados: (Expte.: UCP/2018/166-Vallas festa fin de tempada club Balonmán Culleredo, e máis)	
1743	12/11/2018	Aprobación do expediente para a contratación do subministro denominado "Reforma para o aforro enerxético nos alumeados públicos da urbanización Augas Mansas POS + 2018" e aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas.	
1744	12/11/2018	Aprobación do expediente para a contratación da obra denominada "pavimentación en la rúa Regueiro" e aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de cláusulas técnicas.	
1745	13/11/2018	Asunción das funcións da alcaldía polo primeiro tenente de alcalde, D. Diego Antonio Taibo Monelos, desde as 9.00 horas do día 14-11-2018 ata as 15.00 horas do día 16-11-2018.	

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 29-11-2018
1746	13/11/2018	Adxudicación da execución da obra "REHABILITACIÓN PAVIMENTACIÓN ESTRADA A ERMIDA DE TERNANDE E LEDOÑO" á empresa EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, SL, fixando o prezo en 28.965,68€ IVE engadido.	
1747	13/11/2018	Exclusión procedemento adxudicación oferta presentada por CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ SL e adxudicación da execución da obra "Rehabilitación do Pavimento R/ Penaloureira e no cruce de San Cosme" á empresa CANARGA, SL, prezo 30.900,00€, IVE engadido.	
1748	13/11/2018	Aprobación da certificación única da obra "Mellora e mantemento de vías de titularidade municipal", a favor da empresa CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, SL, polo importe de 31.983,28€.	
1749	13/11/2018	Persoamento en nome do Concello de Culleredo como demandado ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 da Coruña, PROCEDEMENTO ABREVIADO 255/2018-M. (Responsabilidade patrimonial S.M.A.G.).	
1750	13/11/2018	Recoñecemento de obrigas e a ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2018/63. (TERCEIRO: LIMOHERRAMIENTAS, SL-10,89€, e máis).	
1751	13/11/2018	Aprobación conta xustificativa aplicación subvención recibida para programación actividades dinamización lectura bibliotecas e/ou axencias lectura públicas titularidade municipal integradas Rede bibliotecas públicas Galicia. Subvención recibida: 1.710,52€	
1752	14/11/2018	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2018/64. (TERCEIRO: AUTOS IGLESIAS, SL-IMPORTE TOTAL: 413,13€).	
1753	14/11/2018	Orde cambios de titularidade no Catastro Inmobiliario.	
1754	15/11/2018	Aprobación do expediente para a contratación do subministro denominado "Aluguer de elementos decorativos de nadal 2018-2019" e aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e cláusulas técnicas.	
1755	15/11/2018	Concesión a P.A.M. e S.A.R. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 3 horas á semana (agás festivos).	
1756	15/11/2018	Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia M.B.S. e S.C.B. con data 30-11-2018 ao causar alta dentro do sistema de Dependencia cunha prestación de 8 e 9 horas mensuais o día 01-12-2018.	
1757	15/11/2018	Concesión ao persoal funcionario e laboral, con cargo ao orzamento xeral, das axudas de Acción Social.	
1758	15/11/2018	Persoamento en nome do Concello de Culleredo, como demandado ante o Xulgado do Social núm. 2 da Coruña en materia de DESPIDO/CESES EN GENERAL 257/2018.	

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 29-11-2018
1759	15/11/2018	Autorización á asociación DISMACOR do uso da Sala Multiusos-Ximnasio do Centro Ocupacional "A Escada" os venres de 18.00 a 20.00 horas para Educación musical, do 01-01-2019 ao 31-12-2019 e máis locais.	
1760	15/11/2018	Autorización ASOCIACIÓN GALLEGA DE TÉCNICOS EN EMERGENCIAS SANITARIAS uso despacho Centro Municipal Asociativo "A Escada" (pode ser compartido), de luns a domingo, horario mañá e tarde, para Punto de información, orientación,... do 01-01-2019 ao 31-12-2019	
1761	15/11/2018	Autorización á ASOCIACIÓN ALCER CORUÑA do uso da sala compartida do Centro Municipal Asociativo "A Escada", de luns a domingo no horario de apertura do centro para Punto de información doazón e transplante de órganos do 01-01-2019 ao 31-12-2019.	
1762	15/11/2018	Autorización á ASOCIACIÓN AGAELA do uso do despacho no Centro Municipal Asociativo A Escada (pode ser compartido) de luns a domingo no horario de apertura do centro, para punto de información, do 01-01-2019 ao 31-12-2019.	
1763	15/11/2018	Autorización á ONG MESTURA do uso da despacho no Centro Municipal Asociativo A Escada os domingos en horario de mañá e tarde, para Información e orientación especializada persoas inmigrantes e emigrantes retornadas, do 01-01-2019 ao 31-12-2019.	
1764	15/11/2018	Autorización ASOCIACIÓN ANHIDA CORUÑA uso despacho Centro Municipal Asociativo A Escada, de luns a domingo en horario de mañá e tarde, para Punto información e orientación especializado persoas afectadas TDAH e Síndrome Asperger do 01-01-2019 ao 31-12-2019.	
1765	15/11/2018	Autorización á ASOCIACIÓN DE XUBILADOS E PENSIONISTAS RÍA DO BURGO do uso do Despacho da antiga Casa da Xuventude no Burgo, de luns a domingo, en horario de mañá e tarde para Punto de información do 01-01-2019 ao 31-12-2019.	
1766	15/11/2018	Autorización asociación AFADIPS uso dun despacho de uso común no Centro Municipal Asociativo A Escada un venres ao mes de 18.00 a 19.30 (agás xullo, agosto e setembro), para planificación de saídas de ocio e tempo de lecer, do 01-01-2019 ao 31-12-2019.	
1767	15/11/2018	Adxudicación da execución do servizo denominado actividades deportivas e culturais, lotes 1 e 2, á empresa ESPROADE, SL	
1768	15/11/2018	Aprobación da certificación núm. 1 e final da obra "Fresado y reposición de pavimento en R/: Condes de Andrade", a favor da empresa CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, SL, polo importe de 35.989,51€.	
1769	15/11/2018	Concesión a V.L.B. dunha axuda económica para o pago de aluguer, por importe de 1075,68€.	

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 29-11-2018
1770	15/11/2018	Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia M.B.S. e S.C.B. con data 30-11-2018 ao causar alta dentro do sistema de Dependencia cunha prestación de 8 A 9 horas mensuais o día 01-12-2018.	
1771	28/09/2018	Levantamento do reparo formulado pola Intervención Xeral, avocación da competencia e aprobación, disposición, recoñecemento das obrigas O/2018/49 (TERCEIRO: SOCIEDADE XERAL DE AUTORES EDITORES (SGAE) - IMPORTE: 1.947,30€ e máis) e ordenación pagamento.	
1772	03/10/2018	Aprobación do expediente para a contratación do subministro denominado "Aluguer de vehículos para diversos servizos municipais, mediante renting".	
1773	26/10/2018	Aprobación do expediente para a contratación da obra "Rehabilitación firme na urbanización A Ría, 1ª Fase".	
1774	16/11/2018	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a L.F.M., en representación da sociedade TECNOMECÁNICA FIAÑO, SL.	
1775	16/11/2018	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a M.P.R.	
1776	16/11/2018	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a R.C.G.	
1777	16/11/2018	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a M.G.G.	
1778	16/11/2018	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a N.S.O.	
1779	16/11/2018	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a F.J.R.S., en nome e representación de NOVAR GALEGA, SL	
1780	16/11/2018	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a M.R.B.M.	
1781	16/11/2018	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a J.A.F.C., en representación de ISBELUX LED, SL.	
1782	16/11/2018	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a V.S.F.	
1783	16/11/2018	Concesión ao AEROPORTO DA CORUÑA da autorización de vertedura ao sistema xeral de saneamento.	
1784	16/11/2018	Aprobación da certificación núm. 4 da obra "Renovación de tubaxes de abastecemento na AC-213, O Burgo - A Telva", a favor da empresa CONSTRUCCIONES PAN Y DÍAZ, SL, polo importe de 47.614,28€.	
1785	16/11/2018	Declaración dereito M.T.G.G. obter importe 9.261,25€ expropiación 858 m2 parcela núm. 8, mediante cancelación parcial depósito consignado Caixa Xeral Depósitos finalidade garantir xustiprezo expropiación terreos equipamento escolar e zona verde (Lavandeira).	

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 29-11-2018
1786	16/11/2018	Denegación da devolución da cantidade de 22,50€ ingresada en concepto de Prezo público por Ximnasia +65 a O.O.R.	
1787	16/11/2018	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 19-11-2018.	
1788	19/11/2018	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a A.C.D., en representación da sociedade Transportes Anmasa 2014, SL.	
1789	19/11/2018	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a J.C.L., en representación de CAAMAÑO SISTEMAS METÁLICOSM SL	
1790	19/11/2018	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a E.J.C.O.	
1791	19/11/2018	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a F.J.C.G., en representación de ASESORÍA CAMINO, SL.	
1792	19/11/2018	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a J.D.T.C., en representación de EFITERMIC, SL.	
1793	19/11/2018	Persoamento en nome do Concello de Culleredo, como demandado ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 4 da Coruña, no PROCEDIMIENTO ORDINARIO 236/2018.	
1794	19/11/2018	Imposición sanción tráfico, expediente 11262/2018	
1795	19/11/2018	Imposición sanción tráfico, expediente 10384/2018.	
1796	19/11/2018	Rectificación da resolución do 13-09-2018 relativa ao expediente sancionador en materia de tráfico 1013/2018.	
1797	20/11/2018	Concesión a A.M.R. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 5 horas á semana (agás festivos).	
1798	20/11/2018	Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia de E.S.D. con data 30/11/2018 ao causar alta como dependente cunha prestación de 9 horas mensuais o día 01/12/2018.	
2258	18/08/2017	Nomeamento como director das obras municipais actualmente en execución, en ausencia do técnico titular, ao técnico municipal M.V.G.G.	
2259	16/11/2017	Aprobación expediente xeración de crédito para o financiamento da contratación de catro conserxes para a realización do proxecto Culleredo Social IV, por importe de 32.165,00€.	

10.- MOCIÓNS URGENTES.

Non se presenta moción ningunha neste punto da orde do día.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Presidencia pregunta aos membros da Corporación se teñen que facer algún rogo ou pregunta, solicitando o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que quere facer un rogo pois lle seguen chegando moitas queixas dos veciños en relación con que a xente segue aparcando enriba das zonas de minusválidos e dinlle que ás veces cando se chama á Policía Local e chegan xa non están os infractores polo que aínda que se colla a matrícula sería moi difícil poder sancionalos; que ademais diso hai xente que ten as cartulinas que dan dereito a aparcar nesas prazas sen ter dereito a facelo tan só porque algún día algún familiar tivo unha minusvalía e tivo ese dereito e agora seguen aproveitándose da cartulina sen que a día de hoxe o necesiten polo que se debería facer unha revisión das tarxetas concedidas no Concello de Culleredo para ver se a día de hoxe seguen ou non en vigor e dalgunha maneira anular esas tarxetas para que os infractores non se sigan aproveitando delas.

Responde o alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, e di que para iso hai un procedemento regrado e que os indicios son o que son pero só son indicios pero que de todas formas desde a concellaría de Seguridade procederase a avaliar o que o concelleiro indica.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que asociacións de todo tipo amosan as súas inquietudes porque as subvencións anuais non se dan convocado e se está xa no último mes do exercicio; que durante os consellos sectoriais que se celebraron hai uns días foi un tema recorrente e non saben que dicirlles aos veciños pois unha convocatoria que se repite anualmente e cunha tramitación que debería ser ben ordinaria non se entende que leve tanto retraso, prexudicando a moitas asociacións que con adicación de tempo e esforzo persoal desenvolven unha dinámica social que debe ser fomentada e coidada e non sometida a estas incertidumes; que non foron os únicos que non souberon contestar ás directivas das asociacións cando preguntaron sobre isto pois puideron ver a concelleiros e concelleiras das distintas áreas contestando que saíran pronto ou en breve polo que lle quere preguntar agora ao Sr. alcalde cal é o motivo do retraso da convocatoria anual de subvencións.

Responde o Sr. alcalde e di que xa foron informadas as distintas asociacións que preguntaron ao respecto e que se está procedendo á tramitación das mesmas neste momento; que o retraso vén dado por temas relacionados coa propia dinámica do concello e que os presupostos foron aprobados no mes de abril; que a pregunta non é para debatir e que ás asociacións que preguntaron xa se lles respondeu e aceptaron a resposta dada polo equipo de goberno.

A continuación solicita de novo o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que respecto do expediente da Garrocha lle gustaría saber cal é o motivo do retraso e por que non se trouxo a este Pleno habendo en dous meses tempo de sobra para notificar e facer ese trámite previo, non sabendo por que non se continúa agora co seguinte trámite.

Responde o Sr. alcalde- presidente e di que se trata dun procedemento regrado e que cando remate ese procedemento regrado e os prazos pasarase ao seguinte punto, estando agora na fase de notificación.

Intervén deseguido o Sr. Chouciño Garrido e di que se trata dunha instalación situada a 800 metros do Concello.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que hai un procedemento regulado e que non se pode inventar outro.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que ten outra pregunta relativa ao expediente do axente de prensa do que se aprobou no Pleno o inicio da revisión de oficio; que hai un expediente iniciado, tratándose tamén dun procedemento regrado e o Sr. alcalde respondeu que xa estaba resolto e que non había moito máis que facer cando o motivo da revisión de oficio era a determinación da posible nulidade de pleno dereito; que o equipo de

gobierno está faltando á obriga de facer esa tramitación pois o Pleno ten dereito a que se conclúa a tramitación e se determine se houbo un contrato nulo de pleno dereito ou non que levou a pagarlle a un axente de propaganda, determinando neste caso a responsabilidade da persoa ou persoas que deron lugar a esa contratación.

Responde o alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, e di que non é ningún axente de propaganda e que o contrato xa está rescindido, non entrando en debate neste punto.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que se o contrato é nulo de pleno dereito desde o principio hai que determinalo pois o Pleno é o competente para facelo polo que roga se revise o procedemento e se lle dea o impulso debido.

Deseguido di que ten outra cuestión pois un grupo de veciños de Almeiras lle amosaron a súa preocupación pola concesión dunha licenza de obras para a instalación dun crematorio preto da AC-213 nun contorno urbano onde hai varias casas nun pequeno radio ao redor; que é comprensible a preocupación veciñal tanto por cuestións contaminantes como por cuestións sociais pois un tanatorio ou un crematorio evidentemente ten unhas implicacións que non ten outro tipo de industria (cuestións culturais, etc.); que lle trasladaron que teñen presentado un escrito de alegacións con diversas consideracións técnicas e xurídicas que non lle foron contestadas e unha tramitación deste tipo debería facerse con todas as garantías e con toda a atención ás sensibilidade veciñais pero parece que non está sendo así pois óptase por tirar cara adiante e chegar canto antes a unha política de feitos consumados, motivo polo que queren trasladar este rogo para deliberar neste Pleno e expliquen por que non se contestaron as alegacións presentadas polos veciños e por que non figura o cartel informativo da obra como é preceptivo.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que en data 4 de setembro de 2018 concédese a licenza que conta con todos os informes técnicos e xurídicos favorables e que quen concede a posta en funcionamento é a Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Ambiente, tratándose de procedementos regrados, non discrecionais, e que el pode ter a súa opinión como veciño sobre a instalación dun crematorio pero como concelleiro ten que facer cumprir a lei e cumprir cos procedementos que son regrados; que houbo seis veciños que presentaron un escrito o día 7 de setembro de 2018 no que solicitaban que non se concedera a licenza pero a licenza seguiu todos os trámites e a Xunta autorizou a posta en funcionamento dese servizo polo que ao tratarse de actos regrados e non discrecionais só queda seguir o procedemento establecido; que a información que el ten é que a licenza si está exposta nun sitio visible.

Intervén deseguido o Sr. Chouciño Garrido e pregunta por qué non se lles contesta aos veciños pois teñen dereito a que se lle conteste e iso tamén forma parte do procedemento.

Responde o voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Taibo Monelos, e di que os veciños presentan un escrito unha vez concedida a licenza polo que non ten carácter de alegacións xa que se trata dun escrito extemporáneo e consta no expediente administrativo un informe do xefe de servizo de Urbanismo contestando a esas alegacións.

A continuación o Sr. Chouciño Garrido di que ten outra cuestión relativa a que recentemente con motivo do día 25 de novembro, día contra a violencia de xénero, o goberno municipal repartiu publicidade co soporte gráfico da iniciativa “En negro contra as violencias” que todos coñecen e se viron en distintos lugares tanto públicos como privados; que a súa sorpresa foi ao recibir o aviso de que Culleredo non figura no listado e o mapa de concellos desta campaña para o 2018; que para utilizar o soporte desta campaña cumpría adherirse e facer unha pequena contribución dos concellos en función da súa poboación, e que non lles consta que se teña feito ese abono polo que parece que se está utilizando un soporte para o que non se está lexitimado, polo que preguntan como pode ser que se estea utilizando este soporte gráfico e mediático sen figurar no mapa desta iniciativa e se é certo que se está utilizando sen se ter inscrito e sen facer a achega que solicitan para o seu mantemento.

Deseguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que en outubro a xefa de sección de servicios sociais contacta co Concello de Santiago para manifestar a imposibilidade de aportar a taxa establecida por dito Concello para financiar esa campaña xa que desde o departamento de intervención económica do Concello de Culleredo enténdese que non se pode facer efectiva dita aportación a unha empresa privada contratada polo Concello de Santiago; que despois da conversa mantida co Concello de Santiago e máis concretamente coa dirección técnica da campaña “En negro” resultou que o dito Concello entende as dificultades que os distintos concellos están a ter para facer fronte a esta achega económica do xeito no que está establecida (unha empresa privada nomeada polo Concello de Santiago); que entenden que efectivamente ao non poder facer a achega deberían desvincularse da campaña pero desde o propio Concello de Santiago informan de que a propiedade intelectual e dos materiais é do Concello e que o poñen á disposición de concellos, comercios, empresas, etc, tanto públicas como privadas e de calquera que queira adherirse a esa iniciativa, convidando ao Concello de Culleredo a utilizar os materiais da campaña de libre uso que teñen na páxina web á que dirixen xa que o que verdadeiramente importa é que todos traballen na mesma dirección xa que a campaña foi deseñada para que se sumen a ela todos os que compartan o seu obxectivo; que ante este ofrecemento, o Concello de Culleredo decidiu utilizar eses materiais porque o goberno municipal comparte co de Santiago e co resto de concellos que é necesario sumar esforzos para poder eliminar a lacra que supón este tipo de violencia, motivo polo que enviaron un correo manifestando a súa vontade de utilizar estos materiais previamente ofrecidos pois o que de verdade importa é continuar na sensibilización, na prevención e por ende, na redución do número de vítimas, manifestándolle ao Sr. Chouciño Garrido a súa decepción por ver como trata un tema tan delicado como é a violencia de xénero para politizar e fragmentar, lonxe de aunar esforzos, cuestionando por terceiros o uso dun material público previamente autorizado; que a dirección técnica da campaña “En negro” anunciou que está buscando novas formas de colaboración que se axusten ao marxe establecido pola lei e que con toda seguridade cambie o formato da mesa.

A continuación solicita o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que con respecto ao exposto quere dicir que quenes lle transmiten as súas inquietudes son os colectivos feministas que comparten con el que non é de recibo que se estea utilizando a información así e que para iso están no pleno, para aclarar as cousas pois non tiñan coñecemento da información dada polo voceiro do grupo socialista con respecto a este tema.

Continúa o Sr. Chouciño a súa intervención e di que a veciñanza de Vilaboa ten transmitido ao BNG a súa indignación pola tala unha vez máis dunha especie singular no entorno dun lugar singular como é o recinto de Villa Melania, podendo comprobar a semana pasada in situ como foi derribada unha árbore como xa quedan poucas na contorna urbana de Culleredo, nun recinto onde fai máis dun ano suprimiuse un parque biosaludable polo seu deterioro debido a unha evidente falla de mantemento polo que fan o rogo ao goberno municipal de que informe como se chegou a esta situación, como pode ser que o patrimonio natural de Culleredo sexa destino da motoserra e como pode ser que a concelleira encargada da área responda que non coñece o informe polo que se determina cortar a árbore, pedíndolle á concelleira de medio ambiente que asuma as súas responsabilidades nesta cuestión pois non é de recibo que se corte unha árbore singular nun espazo singular.

Deseguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que historicamente este Concello sempre destacou pola protección da súa flora e pola posta en valor de moito do seu patrimonio que estaba esquecido e que se encontraba en moi mal estado; que o Concello de Culleredo non vai por aí adiante cunha motoserra cortando especies de gran valor e que cando se corta algunha árbore destas características é porque hai informes que así o aconsellan sendo neste caso a empresa encargada dos xardíns de Villa Melania a que elaborou un informe sobre o estado de saúde e perigosidade de varios exemplares no recinto e en concreto dunha araucaria araucana de entre 25 e 30 anos que presentaba a copa seca nun 98% e un factor diana moi elevado respecto do parque biosaludable; que se presentaron tamén outros informes doutros exemplares que presentaban unhas condicións inadecuadas para a súa presenza no xardín, un taxus baccata, un cupressus e un cedrus; que neses informes se indica que o taxus baccata está completamente seco e

que o cupressus está nunha zona demasiado próxima aos edificios, presentando as súas pólas principais secas e descamacións na parte inferior do tronco presentando un elevado factor diana, sendo no caso do cedrus un exemplar de grandes dimensións totalmente seco e con presenza de fungos saprófitos; que o deterioro e as grandes dimensións destes exemplares fan que supoñan un gran perigo polo seu factor diana, motivo polo que proceden a talar estes árbores, preguntándolle ao Sr. Chouciño se preferiría que non se actuase e ocorrixa o que pasou nos xardíns de Madrid onde cada certo tempo falece unha persoa porque cae unha rama ou cae unha árbore; que parten da base de que predomina a seguridade e cando unha árbore presenta unha copa seca e está situada nun recinto con afluencia de público e próxima a edificios é necesario proceder á execución de traballos que garantan a seguridade das persoas; que se trataba de exemplares que tiñan esgotada a súa vida útil, presentando unha decadencia evidente, polo que era necesario cortalos por seguridade.

Solicita novamente o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que a súa pregunta referíase a como se chega a esa situación e como pode ser que seque unha árbore singular nun entorno singular.

Responde o Sr. Taibo Monelos dicindo que as árbores non son de plástico.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañas Varela quen, unha vez concedido, di que o Partido Popular ten recibido unha serie de queixas de veciños que viven en Sanjurjo de Carricarte, especialmente no número 8 aínda que parece ser que está bastante xeneralizado, polo ruído que padecen durante toda a semana pola actividade nocturna dun local de hostelería, o bar situado no baixo do número 8, sendo conscientes de que o equipo de goberno ten coñecemento, por distintos escritos presentados por varios dos veciños e empresas afectadas, desta situación; que existen ordenanzas de medio ambiente e de urbanismo nas que se establecen os horarios máximos de apertura, e que impiden que un local estea aberto ata as 4, as 5 ou as 6 de mañá e incluso ata as 7 da mañá como sucedeu nalgúns días, tendo que chamar demasiadas veces os veciños á Policía que se tivo que desplazar en numerosas ocasións ata o dito local fóra dos horarios máximos de apertura permitidos porque o ruído era insoportable e impedía o descanso dos veciños e veciñas da zona, sen que pareza que se tiveran tomado medidas porque a situación segue producíndose; que o que o grupo municipal do Partido Popular solicita como rogo é que se faga cumprir a ordenanza que establece o horario máximo de apertura deste tipo de locais, que se cumpra a norma e que se cumpra a lei, e se hai locais conflictivos que ocasionan serios inconvenientes á veciñanza que o Concello sexa taxativo coa obrigatoriedade de cumprimento dos horarios, tomándose as medidas necesarias para que así suceda.

Continúa a súa intervención e di que ten outro rogo, relativo á solicitude de contratar un organismo independente que se encargue de comprobar e certificar os rúidos e vibracións que soportan os veciños en horario nocturno pois os veciños din que padecen rúidos e vibracións excesivas pero non teñen medios para contratar estes estudos e demostralo, medios técnicos cos que si pode contar o Concello contratando un estudo independente.

Intervén a continuación o alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, e di que agradece o rogo presentado polo Sr. Cañas Varela, compartindo esa sensibilidade cos veciños da rúa Sanjurjo de Carricarte ou calquera outra rúa do Concello de Culleredo na que se sufran as consecuencias do nocivo que ás veces resulta un local desas características; que a Policía local está facendo un control exhaustivo desta problemática e cando haxa indicios e probas irrefutables de que se pode proceder á clausura do citado local e de calquera outro que incumpra a normativa, poñerase á disposición do grupo municipal do Partido Popular, que foi o que presenta este rogo, todas as dilixencias feitas respecto do local referido tanto pola Policía local como se é preciso pola Garda civil e se o grupo popular ve algunha outra posibilidade distinta das vistas pola concellaría de medio ambiente que poida contribuir á solución deste problema, agrádese faga a súa aportación porque aínda que o equipo de goberno está moi sensibilizado con esta problemática, ás veces é moi complicado por diferentes casuísticas conseguir o que piden os veciños e veciñas.

A continuación solicita de novo o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañas Varela quen, unha vez concedido, di que recibiron tamén queixas de veciños que viven na rúa do Pasaxe en Fonteculler,

38 de 39

que se arranxou non fai moito tempo con obras de reasfaltado e rebacheo pero quedou sen pintar, existindo antes unhas prazas de aparcamento que agora, contando co mesmo espazo, ao estar sen pintar diminuíron porque a xente aparca da súa forma polo que o rogo é que se pinten e se sinalicen as prazas de aparcamento para poder aproveitar mellor o espazo real de aparcamento; que a veciñanza pide ademais que, dado que esta rúa é contigua á vía do tren, se establezan medidas de seguridade non sabe exactamente se por parte do Concello, poñendo algún tipo de barreira ou malla de seguridade que polo menos dificulte o paso dos máis pequenos, ou se tería que ser ADIF, caso no que roga que o Concello realice as actuacións que sexan necesarias para que a protección resulte efectiva.

Responde o Sr. alcalde-presidente e lle pide ao voceiro do grupo municipal do Partido Popular que lle transmita aos veciños que lle fixeron esa petición, gran parte deles que pediron o asfaltado desa rúa, que o ancho da vía non dá para aparcar absolutamente ningún vehículo nese tramo e de pintar habería que pintar unha liña continua en ambas as dúas márxenes, non téndose pintado xa porque hai que pintar un paso de peóns e a outra zona non é pública senón que é privada, e a zona de ADIF referida polo Sr. Cañás Varela, no que atinxe á zona pública, está perfectamente valada estando totalmente de acordo en pedirlle a ADIF que mellore a seguridade nese entorno pero o ámbito no que está mal valado é un ámbito privado, motivo polo que o Concello non pode pintar nesa zona, facéndollo saber xa ao administrador de fincas de todas esas propiedades.

A continuación intervéñen novamente o Sr. Cañás Varela, voceiro do grupo municipal do Partido Popular, e di que quere facer unha pregunta para ver se se lle responde porque non sabe exactamente en que artigo do ROM se establece que cando un grupo presenta unha moción, unha vez votada a urxencia e aceptada, se debate e se vota, non establecendo en ningún sitio do ROM que se oblige a votar retirala ou deixala enriba da mesa sen votala; que se vota a urxencia e se se acepta se debate e se vota, aprobándose ou non, e que se non se acepta non se debate nin se vota, e que non saben en que artigo do ROM se recolle que se poida votar que se retire sen estar de acordo o grupo.

Intervén a continuación o alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, e di que o vai consultar e que el non vai facer nada que non estea recollido

A solicitude do Sr. alcalde, intervéñen a señora secretaria municipal, quen procede a dar lectura ao disposto no artigo 92 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, que establece no seu punto primeiro que "Calquera concelleiro poderá pedir, durante o debate, a retirada dalgún expediente incluído na orde do día, a efecto de que se incorporen ao mesmo documentos ou informes e tamén que o expediente quede sobre a mesa, aprazándose a súa discusión para a seguinte sesión. En ambos os dous casos, a petición será votada, tras terminar o debate e antes de proceder á votación sobre o fondo do asunto. Se a maioría simple votase a favor da petición non haberá lugar a votar a proposta de acordo".

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as vinte e dúas horas e vinte e cinco minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e prace,
O Alcalde-Presidente
(asinado dixitalmente)

(asinado dixitalmente)